

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

ANO 3 | Edición nº 29 | Maio de 2017 | Prezo 2 euros

Setecentos
anos de
Festa do Boi
en Allariz



Páxina 3

Santiago
avanza no
acondiciona-
mento do Sar



Páxina 9

Volta ciclista
ás comarcas
de Lugo será
do 26 ao 28



Páxina 11

Suposta
trama salpica
á Deputación
de Ourense



Páxina 13

Proxectos
hidrográficos
conxuntos
entre Galicia
e Portugal



Páxina 21



Expourense organizou tres das cinco feiras
internacionais celebradas en Galicia no 2016

Px.14 e 15

Entrevistas: Luis Villares, voceiro de "En Marea" no Parlamento
de Galicia (px.4 e 5) e Jorge Suárez, Alcalde de Ferrol (px.8)



ROSQUILLAS Y MELINDRES

TELÉF.: 986 64 18 74

CTRA. RIBADETEA
BARRIO PUENTE

PONTEAREAS - PONTEVEDRA



Editorial

Por Guillermo Rodríguez

Galicia, nai e señora



Pido desculpa a Pepe Cuiña (q.e.p.d.) por utilizar a expresión que el fixo famosa referíndose a como sentía a Terra.

Estes días celébrase o Día da Nai e o vindeiro día 17 o día das Letras Galegas. Algo que representa a esencia dun País, a súa propia fala.

Falar das nais é algo que todos podemos facer con naturalidade. Todos somos fillos de alguén, aínda que nestes momentos teñamos que asistir a situacións desagradables de fillos que non coñecen e non coñeceron as súas nais; outros que se viron en fogares que non seran e non son os seus propios. A situación do mundo non foi quen de asosegarse nos últimos séculos e hoxe presenciamos películas humanas auténticas que nos poñen os pelos de punta. Calquera fillo/a que non poida ter lembranzas de seus pais, pero dunha maneira especial de súa nai, sente un oco interior que no será quen de encher en toda a súa vida. Eu tiven a grande sorte de contar cunha nai que dende o seu rigor á hora de educar os seus fillos demostrou a súa capacidade inmensa de ser quen de facer que a nosa vida, e fomos nove irmáns, se desenvolvera nun clima de amor

e tranquilidade impagables. Meu pai, debido á súa profesión, non tiña que “pelexar” diariamente con todos nós. Era a nosa nai quen día a día tiña que organizar a nosa existencia para que todos, cada quen na súa actividade, non saíramos da liña trazada en canto a un comportamento de respecto non só a ela senón a todos os veciños e familiares cos que tiñamos relacións. Levaba como “medalla ao seu traballo e dedicación, o feito de que as demais nais e pais suspiraran, “canté os fillos de Encarnación; nunca ninguén dixo nada malo deles”.

Pero tamén as propias donas de cada que poden ser consideradas nais, pois así son, nais dos fillos/as do matrimonio. E neste sentido eu fun tocado pola Providencia ao darme unha “nai dos fillos/as” que non tivo prezo. Mami, como todos lle chamamos aínda que xa non está connosco, foi algo especial; algo que resulta difícil atopar. Eu digo sempre que me preguntan por ela que, “se hai ceo ten que estar alí; e se non está é porque non hai ceo”, Isto non é unha frase máis ou menos ocorrente, Isto é unha convicción profunda que ninguén pode discutirme.

A todos os seis fillos/as que trouxo nas

súas entrañas os educou, os amou, os defendeu sempre fronte a calquera circunstancia como unha loba defende os seus cachorros. Pelexou incansablemente para que todos/as foran persoas educadas, respectuosas con todo o mundo, solidarias cos máis necesitados (ela era un puro exemplo de solidariedade; ao seu lado ninguén pasaba fame, nin frío, ni falta de cariño). Fomos felices con ela, todos. Eles e máis eu. Para nós o Día da Nai é algo especial, porque “a nosa nai” era moi especial.

As nais son eses seres humanos, que ás veces parecen divinos, nados para unha entrega total e absoluta aos seus fillos/as. Pode ser que algunha, que levou moitas tundas da vida, nalgún momento abandonou os seus fillos ou non os tratou con cariño de nai, iso acostuma a ocorrer, pero son casos especiais que demostran ata que punto a vida pode golpear as persoas. Porque cando unha nai deixa noutras mans os seus fillos é porque se ve incapaz de darlle, precisamente, aquela vida que ela soñara cando o levaba nas entrañas. Non existen nais desnaturalizadas; existen nais desgrazadas, golpeadas pola vida, maltratadas polos mundo e, incluso, en moitos casos polos propios familiares.

Galicia tamén é nosa nai!! Non así España; lembremos aqueles versos cantados por Suso Vaa-monde, “cando me falan de España sempre teño unha disputA, se España é miña nai eu son Galicia era para Pepe Cuiña unha nai e señora. Obviamente nun sentido diferente ao que antes aquí tratamos. Pero non hai dúbida da maternidade dun Pobo que pariu tanta arte, tanta cultura, tanta poesía. Que deu de comer aos nosos ancestros e moito máis seguiría dando se fora entendida como esa nai que só quere amamentar os seus cachorros. Din que non ten leite para todos, que teñen que traelo doutros lugares en forma de esmola. Unha nai que se sabe capaz de criar os seus fillos/as non acepta de bon grao que veñan de fóra a repartirle farangullas que sobran nas mesas dos señores.

O día 17 celebraremos As Letras Galegas. Pero o noso idioma está de festa cada día nos beizos dos galegos/as que o utilizan.

Como nos deixou dito Manuel Maria “Galicia é o sol, a choiva, a fala, se queres a Galicia en ti tes que atopala”.

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Macron e a Europa

Como xa prognosticamos hai quince días gañou Macron moi amplamente. O escrutinio ao 77% dálle a Mme. Le Pen o 36,6 dos votos fronte ao 63,4% de Emmanuel Macron. Moi pouca colleita extremista para tanto balbordo, cando amplos sectores (fálase do 20%) da dereita dura de Fillon xogaron á extrema dereita e un irresponsábel sector da esquerda de Mélenchon amosaron unha equidistancia merecente da reprobación do conxunto dos demócratas.

Vencido (polo de agora) o feixismo, compre ollar para o trunfo deste Presi-

dente sen partido. Esquerda, centro e dereita democráticas aliñáronse a carón deste Presidente, o máis novo dende o curso Bonaparte. Mal menor? Moi probablemente. Un candidato que medra do 24% ao 64% entre a primeira e a segunda volta suma por exclusión. É evidente.

Macron ten agora dúas prioridades. A primeira deseñar unha estratexia cara ás eleccións parlamentarias de xuño. Cál será a súa aposta? O esquerdista alternativo Mélenchon pode acadar a maioría na segunda volta en moitos distritos, mentres a dereita republicana é moi difícil que obteña un grupo potente. De

calquera xeito, semella que Macron non ten tempo de cooptar candidatos parlamentarios gañadores.

Máis voltas ten a pegada que poida causa Macron na nova Europa. Descontado o tempo de impasse das lexislativas francesas de xuño e as eleccións xerais alemás de setembro, Macron ten a lexitimidade de lle dar pulo a unha anovada federalización da Europa, de construír un discurso da unidade europea que lle opór ao brexit, mais tamén ao depresivo relato dos primeiros ministros húngaro, polaco e español ou á ollada curta dos ministros de Finanzas holandeses, fineses ou alemáns. Os liberal-demócratas do flamengo Gy Verhofstadt ou do FDP alemán e o Partido Demócrata italiano, outravolta dirixido

polo fiorentino Matteo Renzi, de seguro estarán ao seu carón nesta andaina.

A arrincadeira. Alberto Rivera e Macron.

Poucas ocasións mellores para dar o espectáculo ca a autocomparanza entre os cidadáns Albert Rivera e Inés Arrimadas e o presidente eleito Emmanuel Macron. Nin C's nin UPD encaixan no esquema liberal-demócrata europeo, onde fan parte o PNV e o PDCAT, a antiga Convergencia. Semella que en Bruxelas xa se decataron e porán aos laranxiñas no seu sitio, máis cedo ca tarde.



Redacción OURENSE

A Festa do Boi de Allariz conmemora setecentos anos de historia

Allariz inicia a conta atrás para a celebración da Festa do Boi que este ano conmemora os 700 anos de historia dende que, en 1317, Xan de Arzúa sae a lombo dun boi encabezando a procesión de Corpus. Integrantes da Asociación Cultural Xan de Arzúa, encargados da organización da festa, acompañados polo alcalde de Allariz, Francisco García, presentaron as novidades que se desenvolverán do 10 ao 18 de xuño de 2017. O acto comezou coa presentación do cartel, resultado dun concurso público (aberto dende novembro 2016 ata xaneiro 2017) que gañou o murciano Rubén Lucas García. “O cartel é basicamente un 700 a primeira vista pero o que representa é un boi e o seu dono”, explicaba o creativo.

Dende o ano 1983, ano de recuperación da festa, ata a actualidade o evento medrou no número de actividades na súa programación. Carreiras do boi, representacións teatrais, encontros populares, actividades para nenos e moita máis música centran o programa deste ano espe-

cial que comezará o 10 de xuño coa tradicional baixada dos bois dende Penamá. Outra das novidades do 700 aniversario ten que ver coa cor do pano que todo participante da festa leva ao pescozo. “Un símbolo de identidade que este ano muda de cor ao verde que representa Allariz” sinalaba o rexedor Francisco García.

Actividades

A conmemoración dos 700 anos de historia comezaba o pasado mes de decembro do pasado ano, coa carreira infantil dos 700 en fin de ano. “Un dos empeños deste ano da asociación pasa por non limitar ás actividades de celebración nos nove días da festa. Durante todo o ano organizamos actos que recorden este aniversario”, apuntaba Eva Sampedro, secretaria da Asociación. A cachuchada no Entroido, o Expo-boi de traxes medievais inaugurado en marzo no Museo da Moda de Allariz e actividades variadas cos alumnos do CEIP Padre Feijóo leváronse a cabo ata o de agora. Aínda quedan por celebrar o ForoBoi 700; a exposición dos car-



A Festa do Boi celebrarase do 10 ao 18 de xuño de 2017.

teis que participaron no concurso do cartel anunciador da festa; o curso “As danzas gremiais” e Encontro de Tarascas, a exposición “700 anos de historia, ben valen unha festa” ou a inauguración dunha estatua en pedra alusiva á

festa son, entre outras, actividades que terán lugar durante o ano.

A Festa do Boi conta cun orzamento de 93.000 euros, sufragado, segundo explicaba o tesoureiro Pablo Hernández,

“pola achega voluntaria dos veciños e veciñas, comerciantes e hostaleiros de Allariz aos que porta por porta se lles pide contribución. Nun menor porcentaxe a venda de produtos relacionados co evento”.

Café-Bar Cultural
Roi
Xordo
Allariz

Praza dos Mesóns s/n
32660 Allariz, Ourense

988 44 01 56
687 07 50 37

RÚA DO PORTELO, 16 • ALLARIZ

988 44 20 31

ZOUMASALLARIZ

ZOUMASALLARIZ@GMAIL.COM

bulebule
BAR DE TAPAS

dime@bulebule.gal
Tfno. 988 442 563

Praza de Abaixo, 3 Allariz

Dario Conde tirando unha caña Rubia Dama Alaricana no restaurante BoiGorri de Allariz.

988 68 86 04

Entrevista

Por Moncho Mariño

Luis Villares | Voceiro de "En Marea" no Parlamento de Galicia

"O PP non é insuperable"

Luis Villares, xuíz en excedencia, é o voceiro de En Marea no Parlamento de Galicia, ademais de selo da organización para Galicia. A súa elección como dito voceiro veu acompañada de visións enfrontadas. Mesmo, algúns medios da prensa galega xa apuntaban sectores "críticos", opinións lapidarias de persoas con relevancia dentro das confluencias e, posiblemente, unha ruptura das candidaturas cidadás. Villares contestou ás nosas preguntas poucos días despois de ser elixido voceiro de En Marea e tamén respostou cuestións sobre emprego, política e xustiza.

-A súa elección como voceiro nacional de En Marea foi un momento no que agromaron opinións moi encontradas. Que ten vostede para prender paixóns tan diferentes?

Nada en concreto. Só era dar resposta ás demandas dun espazo de confluencia e á vontade das persoas inscritas, segundo como se articula este proxecto. Hai unha maioría que entende que esta é a mellor maneira de articular o proxecto, o mesmo que nas outras forzas coas que estamos construindo o espazo de confluencia. Eu estou a iso, ao que digan a maioría dos inscritos e eu asúmoos con responsabilidade.

-Cal será a estratexia a respecto das persoas que non votaron a favor da súa proposta? Ve difícil falar con eses sectores?

Non, non o vexo difícil. Houbo un desencontro puntual, pero estou convencido que a partir de agora o traballo será en clave de unidade. Compartimos todos o mesmo proxecto político. A función da coordinadora é desenvolver o traballo da organización,

cumprir cos mandados estatutarios e coa liña política. Por outra banda, está o Consello das Mareas, onde están todas representadas e que funciona con normalidade. Entre o Consello e a Coordinadora desenvolverán en clave de unidade as liñas políticas de En Marea.

-Vese respaldado como voceiro de En Marea para o plenario que se celebrará nos meses de verán?

Merecer a confianza da xente, é algo que se gaña despois de que as persoas saben dun proxecto. Por iso agora mesmo En Marea está percorrendo o camiño de mostrarse como é, unha forza social.

Non se trata de refrendar unha persoa. Sería ver se o proxecto está ben encamiñado. Non podemos esquecer a vontade das persoas inscritas. Como espazo de construción dunha candidatura de unidade popular, non podemos obviar o que as persoas votaron. Xa o dixen, estou ao servizo da confluencia, ao que pida de min



a maioría en cada momento.

-Pasado xa un tempo, pensa que se puido facer máis na campaña das autonómicas de 2016 ou o PP é insuperable?

O PP non é insuperable, pero a

poñer en marcha todo isto houbo pouco tempo. É certo que a xente non puido coñecer ben o noso proxecto e tamén faltou tempo para explicalo. Merecer a confianza da xente, é algo que se gaña despois de que as persoas saben dun proxecto. Por iso agora mesmo En Marea está percorrendo o camiño de mostrarse como é, unha forza social.

-Considera que a unidade popular está en perigo nestes momentos?

Non, en absoluto. O que fixemos esta semana foi levar áncoras e comezar a navegar como organización. As últimas noticias desta semana avalan que a posición de En Marea é unha posición desexada, con vocación de consolidarse na sociedade. Pedimos unha fiscalía anti-corrupción para Galicia, o PP negouse. O fiscal xeral do Estado recoñeceu que si

fai falta, díxoo en sede xudicial en Vigo. En Marea pediu a retirada da Lei de Rexistro Civil que ía deixar a Galicia sen moitos rexistros e xulgados de paz. Ao final o goberno retirou esa proposta. Hoxe comparece o conselleiro de Facenda para falar do diñeiro adicional para infraestruturas en Galicia, recoñecendo xunto coa vicepresidenta do Goberno que si fan falla máis cartos adicionais. Hai uns elementos de discurso que son esenciais que En Marea puxo sobre a mesa. En Marea está marcando a axenda política e levando aos demais ás nosas posicións.

-Eses cartos que virán para Galicia, non os considera como esmolos comparados cos achegados a outros lugares como agora Cataluña?

É o signo máis claro de debili-
dade e de irrelevancia para Feijoo



ecocelta®
Naturaleza en equilibrio

Ecocelta co campo galego

Abonos e sustratos ecolóxicos

Materias primas de Galicia

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 administracion@ecocelta.com
Crt. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Ponteareas



Entrevista

no PP en España. Un presidente que se comporta como un delegado do goberno, non como un presidente da Xunta. Unha persoa que tiña que facer valer o país, desde que comezou a lexislatura non fixo máis que renunciacións. Había unha posición unánime do Parlamento sobre a transferencia da AP 9 e o seu rescate. Non foi quen de que os seus compañeiros o fixeran en Madrid.

-Non foi quen ou non quixo?

Iso haberá que preguntarllo a el. Se non foi quen, demostra debilidade política, se non quixo mostra indignidade no cargo. En tal caso, as consecuencias para Galicia son as mesmas, carecer dunha serie de servizos esenciais para o territorio, conforme os nosos intereses. A AP 9 un caso e o AVE outro. Pero o problema de Galicia non é só o AVE, o principal problema son os trens de cercanías e mercadorías. Esa é a nosa aposta estratéxica a nivel de infraestrutura ferroviaria.

-Isto por que é así?

Feijoo non cre en Galicia, non a ve como país e por tanto, non concibe unha estratexia integral. É increíble que tendo portos exteriores, non os teñamos funcionando con conexións ferroviarias. Non é aceptable non termos un porto seco que almacene as mercadorías que cheguen por barco e que se podan transportar por tren. Non é aceptable non ter tren de cercanías que vertebran todo o país, como todo o Eixo Atlántico, e non todo, porque entre Coruña e Ferrol é unha vergoña. O mesmo co FEVE no norte de Galicia. Este tipo de liñas son o que lle fai falta a este país.

-O AVE era tan necesario?

O AVE para nós era unha infraestrutura secundaria. O esencial para nós era a infraestrutura ferroviaria que describín antes.

-Tomando como referencia o tema da AP 9. Existe "feeling" entre os grupos da oposición?

Sobre o tema da AP9 teño que dicir que desde hai un tempo, nós estamos denunciando unha "trama" non explicitada no día a día a redor da construción da A 57. Unha autovía que segundo a lei de Estradas do Estado, discorrerá entre A Coruña e Porriño, e segundo os tramos licitados e as variantes en estudo, vai ir paralela á AP 9. O custo, no caso de que se faga un continuo, sería de 1.200 millóns de euros. Con que sentido? Esa é a pregunta que nos facemos. Presentamos unha iniciativa xa en trámite, para que todos os grupos se posicionen arredor disto. PP e PSOE calan, o BNG no tramo que pasa por Pon-



Foto por Camilo Franco

tevedra di que é unha circunvalación. Nós dicimos que é o que é, segundo o nexo segundo da lei de Estradas do Estado. É unha autovía. Non sei sei aí coincidiremos todos os grupos, pero en xeral temos bo feeling. Sinto que o PSOE non tivese a sensibilidade política de apoiar a comisión de investigación de Angrois.

-Sobre este último tema, Angrois, quen se está defendendo de que?

O PP estase a defender da súa xestión no accidente. Evita así que investiguen aos responsables políticos do ADIF. O PSOE deféndese dunha etapa anterior na construción da obra, na época de José Blanco. Fronte a isto cabe obxectar que as vítimas teñen dereito a saber a verdade. Como cidadanía de Galicia, o Parlamento debe investigar todo aquilo que interese ao país. Débese coñecer a verdade para reparar as vítimas, para que se houbo fallos non se repitan, se existen responsabilidades políticas, non necesariamente penais, debe quedar constancia dunhas decisións que tiveron unhas consecuencias dramáticas, e iso é moi duro.

-Se facemos unha comparación, tería que haber un cambio de goberno como na Comunitat Valenciana, para que haxa unha investigación que clarifique todo isto?

Non debería, pero ás veces é o único camiño. O cambio de posición política vén determinado

pola mobilización social. As mobilizacións sociais poden tumbar mesmo posicións de maiorías absolutas. No caso de Angrois tería que pasar iso? Sería triste pero ás veces esta xente aprende a golpes de presión.

-Cal é a análise que fai En

Defendemos a implantación dunha Renda Básica Universal na que, polo feito de ser persoa, debería ter dereito de acceso a un mínimo vital.

Marea sobre a sanidade pública e os e as traballadoras do sector?

Existe unha pretensión de desmantelamento da sanidade pública. Iso vai en detrimento da calidade do servizo e dos dereitos das persoas. Isto tamén trae perda de calidade no emprego público. Sobre o hospital Álvaro Cunqueiro, o Consello de Contas, que non é de En Marea, díxo no seu informe que privatizar a xestión non trouxo aforro de custes, pola contra, empeorou a calidade do servizo, incrementando as listas de espera. O mito da xestión privada como boa alternativa na sanidade, quedou desmontada mesmo polo Consello de Contas. Nós dicimos que a privatización da sanidade pública é entregar os mesmos recursos, pero que sendo unha empresa privada, sempre queda cunha parte dese diñeiro que era para eses recursos. Iso faise reducindo orzamentos para

calidade asistencial e recursos materiais. A xestión economicista na sanidade trouxo como consecuencia por exemplo o caso da Hepatite C. Aí temos dúas persoas investigadas, por homicidio imprudente, non só por prebaricación, por negar un medica-

cesión de servizos públicos. Pois iso precisa dun alto grao de coñecementos técnicos sobre contratación administrativa.

-Defende En Marea a implantación da renda mínima?

Defendemos a implantación dunha Renda Básica Universal na que, polo feito de ser persoa, debería ter dereito de acceso a un mínimo vital. Pensamos que iso supón unha igualación por abaixo nas condicións de vida de todas as persoas. A partir de aí deberían entrar en xogo outros mecanismos de igualdade, pero iso sería un bo punto de partida.

-Para a activación do mercado laboral en Galicia, que lle van esixir ao goberno galego?

Os datos do desemprego din que baixa 1.33% no estado e un 0.88% en Galicia. Feijoo queda retratado como ese mal xestor fronte á imaxe contraria que construíra. Nós promulgamos que a recuperación da economía tense que facer con recuperación de dereitos. Porque ese emprego sen dereitos, non crea seguridade na xente. Máis flexibilidade no mercado laboral crea inseguridade nas expectativas de futuro da xente moza. Iso é unha das consecuencias, perda de capital humano nunha idade produtiva e reprodutiva. O devalo demográfico é un síntoma. Debemos crear unha economía con oportunidades de traballo, con dereitos para que as expectativas melloren.

-Como ve o futuro nestes catro anos que quedan de lexislatura?

Vexo un futuro no que o PP seguirá sen unha estratexia económica e social en clave de país para Galicia. Temos unha mostra no sector da automoción. Non hai unha relación fluída co Norte de Portugal. Non se fai política para asentamento de empresas. Todo isto indica que imos ter catro anos de desmontamento completo. Fronte a isto imos ver un proxecto político que se consolida, En Marea. Logo dun período de impugnación dos elementos do sistema, vai articular unha política para beneficio das maiorías sociais. Imos formular respostas a todos os elementos necesarios para crear un estado de opinión diferente ao que existe. Somos conscientes que En Marea é o referente en defensa dos dereitos das persoas e dos dereitos fundamentais, pero tamén queremos ser o referente de carácter económico e social. Queremos que a xente vexa en nós unha esperanza.

Opinión

Por Manuel Rego Nieto

Deséxome sumar ao colectivo circense Asociación Circo Reunidos pra impugnar a Ley de Protección de animais aprobada pola Xunta de Galicia o pasado mes de marzal.

Dende sempre se dixo que “o que ama o circo non pode ser persoa ruin”. Ramón Gómez de la Serna afirmou que “el que más noches de circo tenga en su haber, antes entrará en el Reino de los Cielos”. Quen esto escribe andivo no Circo Feijoo dende os dous anos e medio (meu pai foi seu apoderado durante corenta anos). Xa no ano 1890 se falaba do Circo Feijoo, fundado por un home pequeno de estatura pro de grande alma, don Secundino Feijoo Méndez, nado en Vilanova dos Infantes ao carón da Virxe pequerrechiña que cantara Curros Enríquez, fillo do matrimonio formado por Manuel Feijoo Feijoo e Manuela Méndez López.

Pois ben, Secundino Feijoo escomezou a súa andaina circense amaestrando a uns bois. Hai quen todavía o lembra actuando eiquí en Ourense, onde o Circo Feijoo nunca deixou de actuar nas Festas do Corpus, na Alameda do Concello, durante a súa existencia. Secundino casou con Francisca Salas, unha amazona cun precioso número de cabalos de raza andaluza.

Secundino e dona Paca, que así era coñecida pola xente dos circos, fixeron moitos cartos pois a vida sorriulles. Construíron unha casa nas aforas de Madrid, e o 22 de abril de 1887 dona Paca da a luz a un fillo en Úbeda (Jaén) mentres andan de xira, e bautízano co nome de Manuel Feijoo Salas. Don Manuel, que se con-

Ourense, cuna do circo



Don Secundino Feijoo na pista do seu circo, lucindo a Medalla do Traballo.

sidera ourensán, estudia a carreira de veterinario, pra logo suceder ao seu pai. En febreiro de 1936 xa dirixe o máis famoso dos circos españois e contrae matrimonio con dona Pilar Sánchez Gómez Rexach, filla doutro importante empresario circense, Mario Sánchez Rexach.

Ao comenzo da República, don Secundino recibe a Medalla do Traballo, que lle impón o alcalde de Ourense. A fogueira

de 1936 fai que as autoridades republicanas de Santander, onde estaba o circo e eu coa miña familia, lle requisen os medios de locomoción. Don Secundino, que tivo outras dúas fillas (Araceli e Elvira), fina en Madrid durante a Guerra Civil, e xa no 1939 escomeza de novo o Gran Circo Feijoo da man de don Manuel. Parte do seu entorno familiar (a familia Silva) distancíase de don Manuel (O Padre Silva foi parente le-

xano de don Manuel Feijoo, pero o seu pai non quería saber nada de “titiriteiros”, como cha-

maba aos Feijoo. Logo a súa nai dona María, unha santa e bondadosa esposa, logrou que fixera as paces con don Manuel e así escomezou a andaina circense do Padre Silva co Circo da Ciudad de los Muchachos, que tristemente acabou como acabou. Pero esa é outra historia).

Xa no ano 1990 o Circo Feijoo autopresentase como “O maior espectáculo do mundo”, e nil traballan os artistas máis famosos procedentes dos mellores circos: o Circo Ringling dos EEUU, o Circo Price, o Circo D’Hiver de París, o Carre de Holanda ou o Olympia de Londres. Trapecistas como Pinito del Oro, domadores de leóns, de elefantes, os pallasos máis famosos como Pere e Tonetti, los Hermanos Cape, Pom-poff, Teddy, Zampabollos, Nabucodonosor-cito... o Circo Feijoo no que andiven anos e máis anos, ata que escomecei a traballar na empresa privada.

Esto somentes é unha semblanza de recordos meus, xa con oitenta e cinco anos ao lombo que, como dicía ao comezo, é unha aportación persoal para me sumar a Asociación Circo Reunidos, e, sobor de todo, lembrar a meu bo pai Gustavo Rego Nieto, exemplo de fidelidade a don Secundino de don Manuel Feijoo ata o día do seu pasamento.

Os “excelentísimos” balcóns

Terminada xa a fogueira de 1936, Franco visitou Ourense. Esperábano as autoridades no Parque de San Lázaro, mais houbo un malentendido e o Generalísimo “Por la gracia de Dios” chegou coa súa comitiva directamente ao Concello, onde somentes estaba o xefe de protocolo, don Alejandro Rodríguez Veiras, e máis os maceiros e a Banda Municipal de Música, a praza a rebosear de xente chegada dos pobos ourensáns.

Pois ben, ao decatarse as autoridades de que Franco non se detiña no Parque de San Lázaro, empezaron a correr cara o Concello. Elí o señor Rodríguez Veiras discul-

pouse como poido ante o Xefe do Estado, ata que chegaron, coa lingua fora, o gobernador civil, o alcalde e o resto de autoridades nomeadas a dedo polos vencedores da triste fogueira que deixou máis dun millón de mortos por ambos bandos contendentes.

Xa no salón de sesións, Franco foi dándolle a man as autoridades, que se disculpaban como podían. Segundo me contou o señor Rodríguez Veiras, o Generalísimo puña unha cara de cabreo de non te meenes. Logo decidiu dirixirse á multitude que se apretuxaba na Praza Maior, e Ramón Puga, o director da única emisora que

había na provincia, EAJ 57 Radio Ourense, máis tarde tío de Julio Iglesias, e que tiña un bazar no que hoxe é o Café Latino, dirixiuse ao pobo con estas palabras: “Orensanos, seguidamente os va a dirigir la palabra desde los “excelentísimos” balcones del Ayuntamiento el Generalísimo Franco”. Como así fixo entre aclamacións das xentes chegadas a nosa cidade dende os pobos limítrofes.

Franco somentes dixo, con aquela súa voz afrutada: “Españoles, hemos derrotado al comunismo y a los politicastos de la República”. Mais o que se comentou durante todo o día foi o que dixeran Ramón Puga, aquela mención a “los excelentísimos balcones del Ayuntamiento”. Temos que lembrar o noso pasado, sobre todo os que xa temos moitos abriles por riba do lombo.



Os “excelentísimos” balcóns do Concello de Ourense o pasado Venres Santo.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocío Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Losada Dorado – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal –Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

Mero

Por: Baldomero Iglesias Dobarro

Obrigas antes que beneficios?

Hai unha trama corrupta que parasita na nosa sociedade e deturpa a previsible democracia que soñamos, que tanto tempo levamos soñando. Esa democracia que non chega porque está mal asentada, que non asume o papel liberalizador da xente e dos pobos para organizarse de tal forma que permita acadar deberes e desfrutar dereitos, harmonizar para acadar ese sentimento de pertenza, de seguridade, de futuro, de inclusión e esperanza posta no mañá, de utilidade, de encontro e conciliación, de xustiza en igualdade, de normas que activen un saberse feliz e considerado. Pero, xa digo, hai unha trama que nos parasita esa “nosa” democracia, tan peculiar, e a cambio nos oferta o sucedáneo falso e malo, funesto, tan traidor que non só permite a mentira como resposta senón que a prio-

riza. Non só escolle o silencio como desculpa, a impunidade como pago dese silencio, senón que vai creando un grupo cada vez máis numeroso para que se aproveite do resto da xente, a chusma. Esa chusma na que estamos os culpables de todo, de que a economía non funcione, de que haxa crise e vivamos por riba de nós, de non ser competitivos, de non ter quen nos represente, de votar a cegas, de calar e tragar constantemente, de ser cómplices nesta deixada pasividade, de consentir todo o que pasa. Aí está o noso delito, estar tan pasivos. Diante dalgunha cousa que acontece deberíamos estar en loita de defensa dos nosos dereitos, en loita contra o abuso e a pertinaz inxustiza que desequilibra tantas balanzas.

Hai pouco fomos teoricamente culpables desta crise, a razón era –como ben sabe-

des- vivir por riba de nós. Ao pouco viuse o dispendio duns cantos que furtaron e meteron a man, ata o fondo, das arcas da economía e dos depósitos da sociedade. Non foron culpabilizados do seu mal, andan por aí rindo de nós, de todos nós. Esterilizaron a ilusión, inventan novas rupturas e eres, crises sociais para evadirse das obrigas antes de escapar cos beneficios, castigan á clase traballadora con soldos de pena, e á xuventude déixana sen traballos dignos e con infinidade de burocracias e imposicións de todo punto de vista abusivas, pagan mal os servizos que requiren e cando o fan, fano tarde. Por riba seguen facendo das súas, chegan ao insulto cando homenaxeán a ministros do seu ramo que foron reprobables, non xa polo suicidio da confianza, senón tamén da Ciencia, da Cultura e da Educación en todas as súas formas.

E que pensar desta xustiza á que se lle ven as eivas. Traman, e son os mesmos, desde o poder que lles outorgan os votos dos convictos, dos que se deixaron seducir

ou enganados confiaron neles. E van facendo círculos de amigos que reciben en pago o nomeamento, mentres se comprometen a un trato preferente e a cumprir coa interpretación necesaria. Sabendo isto, reciben os votos. Anque sexan os que se burlan acotío, incluso parapetando á explotación bancaria que se recrean nos perfís dunha xustiza dependente, nomeada a dedo para a subvención e amparo dos mesmos que exercen o poder, enrocados desde hai moito tempo nestas súas explotacións, sendo peóns da súa xestión indecente e das portas xiratorias que os perpetúan en postos de responsabilidade, cun reparto suficiente para esquecerse de nós, a chusma, mentres eles viven cumpridamente.



Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

O PP contra dos intereses galegos.

Tempos houbo nos que determinados sectores do PPdeG adoptaron un discurso autonomista e até certa praxe de defensa dalgúns intereses do País. Tempos nos que Xosé Cuíña exercía a secretaría xeral do PPdeG “na fronteira da autodeterminación”. Este PP comezou recuar despois da derrota deste sector na crise do Prestige para seguir coa derrota de Barreiro fronte a Feijóo no Congreso do 2006, o rexeitamento deste á aprobación dun novo Estatuto no 2007 ou a guerra lingüística da campaña do 2009.

Hoxe o PPdeG é unha sucursal do PP español (probábelmente coa excepción do PP ourensán), comezando polo seu indiscutíbel líder, moito máis próximo a facer política unionista por Madrid ou Catalunya ca a defender os intereses galegos. Velaquí algúns exemplos. A AP-9, que é o noso principal eixo de comunicación viaria segue sen ser transferido e aturamos as máis altas peaxes do Estado, mentres as cidades castelás e andaluzas conectar entre si por autovía gratuíta. O orzamento de investimentos estatais diminuíu do 2016 ao

2017 un 32% (de 1350 M€ a pouco máis de 900 M€) e. Os nosos concellos perden case 500M€ ao ano por recibir só o 3% dos fondos. Pagamos a enerxía eléctrica máis cara malia ser un país produtor que sofre o custo ambiental desta produción. Os nosos portos e aeroportos, clave do noso progreso económico, seguen a ser xestionados dende a máis centralista ineficiencia.

Ou sexa que Galicia fixo moi mal negocio dándolle a Feijóo unha maioría absoluta impensábel arestora en todo o Estado. E que este voto serveu para afortalar os intereses doutros territorios. Como facemos moi mal negocio sempre que pomos os nosos intereses por baixo duns intereses xerais do Estado que nunca poden coincidir cos nosos, porque só atinximos o 5% do PIB e o 5,5% da

poboación estatais e os sectores economicamente estratéxicos para nós son secundarios para España.



A arrincadeira: Erdogan oprime aos curdos.

Ana Miranda, representante do BNG no Parlamento Europeo, contounos en tempo real como Erdogan amañaba un referéndum constitucional sen garantías, impedíndolle á poboación curda o exercicio dos seus dereitos. A Unión Europea habería rachar a entente con Turquía para o acollemento de refuxiados, ao amosar nidiamente que non é, de xeito ningún, un espazo seguro para eles.

Castelo MUEBLES

Tlf.: 986 654 312
Ctra. General, nº 66. VILLASOBROSO

Castelo 2 MUEBLES

Tlf.: 986 642 925
Avda. Castelao, nº 26. PONTEAREAS

ATENCIÓN AL CLIENTE
609 288 188

www.mueblescastelo.es - mueblescastelo@hotmail.com

Entrevista

Por Moncho Mariño

Jorge Suárez | Alcalde de Ferrol

“Na vida hai que evolucionar en todos os planos e sempre cara a diversidade”

Jorge Suárez chegou á alcaldía ferrolá na candidatura de Ferrol en Común. Forma parte das chamadas candidaturas cidadás nunha cidade tradicionalmente moi polarizada no aspecto político. Iso reflíctese nos grupos políticos representados no consistorio.

Como é o día a día dun goberno municipal que debe estar pactando case que a diario para sacar adiante as súas políticas municipais?

Non vou negar que é complicado, pero son unha persoa optimista que creo na política como ferramenta do cambio e veño da tradición do diálogo e a negociación na procura de obxectivos polo ben común.

Logo de todos os movementos e saídas dentro do goberno municipal que vostede preside, a día de hoxe séntese respaldado pola cidadanía como o 13 de xuño de 2015?

Síntome, si. Somos xente do común, non políticos profesionais. Pola rúa, cada día, achégansenos moitos veciños e veciñas, a título particular, e xente das entidades sociais, culturais e deportivas con quen mantemos un diálogo fluído e constante e que, titulares e polémicas á parte, moitas veces desproporcionadas, interesadas e artificiosas, son conscientes das dificultades dun goberno en minoría como o noso coa oposición, dereitas e mesmo o resto da esquerda, facendo bloque contra nós para darnos folgos e azos.

As dinámicas e decisións do goberno local é de supoñer que non contentan a algúns sectores, podería explicar cales son os máis reticentes ás iniciativas do concello e cales son os argumentos en contra de ditas iniciativas?

Sobre iso non me corresponde a min falar, terallo que preguntar

a eses sectores.

Con que argumentos responden desde o goberno municipal?

Co traballo diario nun concello de portas abertas, aberto ás críticas pero que busca construír polo ben común e que sustenta as súas políticas e decisións no aval dos informes xurídicos e económicos dos técnicos municipais.

Falar de Ferrol é falar do sector naval e, obviamente, da carga de traballo para o estaleiro. Desde o concello cales son as iniciativas que van presentar nos vindeiros meses sobre este punto?

Traballamos de xeito coordinado co comité de empresa de Navantia Ferrol-Fene, cos representantes políticos no Parlamento Galego e no Congreso e no Senado, que son as vías para canalizar calquera iniciativa. Os traballadores sempre nos terán con eles na procura de máis carga de traballo e das melloras nas condicións laborais.

Deixando o naval, que propostas saíron adiante desde o seu goberno municipal para diversificar a economía da cidade?

Estamos acondicionando Portanova como espazo de coworking, apostamos por incrementar a RPT do concello, dentro dos límites da Lei Montoro. A través da concellería de Emprego e Promoción Económica, temos en marcha varios programas e liñas de acción e formación para mozos, mulleres e desempregados de longa duración co programa INSERTA 5 e outros moitos que están funcionando moi ben.

Cales son os atrancos que se lle presentan para levar adiante proxectos encamiñados á diversificación?

As competencias fundamentais correspóndenlle á Xunta e ao Ministerio de Economía e Industria. **Unha das propostas que pre-**



Foto por Lorena Bustabad

sentaron foi a remodelación da praza de Armas. A experiencia de consulta á cidadanía sobre temas que lle afectan directamente supuxo un cambio na maneira de tomar as decisións. Esperaba máis participación da que houbo?

Presentáronse cincuenta proxectos e moitísimas achegas de cidadáns. Penso que é unha cifra moi elevada e moi por riba do que é habitual nest tipo de concursos, así que estamos certamente satisfeitos porque foi un proceso aberto e participativo, que era o nos compromiso e o noso obxectivo.

Temos un abano político moi amplo na corporación municipal, desde Ferrol en Común a non adscritos. Pensa que o monopolio das grandes forzas políticas rematou na cidade ou que estamos só nunha parén-

tese de catro anos?

Ferrol sempre foi unha cidade moi atomizada politicamente, desde o nacemento da democracia. Aí está a hemeroteca para ver que o goberno desta cidade nunca foi sinxelo.

Vostede foi delegado sindical. É necesario tamén un cambio nas actuais correlacións de forzas dentro do sindicalismo en España e en Galicia? Que non haxa só dous ou tres sindicatos con maior representatividade no campo laboral?

Un cambio? Na vida hai que evolucionar en todos os planos e sempre cara a diversidade.

Segundo a EPA (Enquisa de Poboación Activa) Ferrol téñ un dos índices de desemprego máis altos de Galicia, conxuntamente coa súa comarca. Se ben desde o goberno municipal se poden canalizar políticas de

activación de emprego, a colaboración das autoridades autonómicas e estatais son abondo ou hai fallos nelas?

Algo, pero non todo o que poden e deben.

Ferrol en Común naceu como unha resposta ao baleiro político e ao descontento dunha parte da cidadanía coa clase política tradicional. Velle futuro a Ferrol en Común para as vindeiras eleccións municipais? E ás Marelas no seu conxunto?

Por suposto. Ferrol en Común e As Marelas somos o futuro político, aínda que ás vellas dinastías non lles guste. Chegamos para quedarnos e para crecer. **Será vostede candidato para as seguintes eleccións municipais?**

A esta pregunta poderei contestar no 2019, cando toque.

www.novasdoeixoatlantico.com

Redacción SANTIAGO

Santiago impulsa un novo obradoiro de emprego para avanzar no acondicionamento do Sar



Un dos tramos xa acondicionado da rota dos ríos de Brañas de Sar.

A Xunta de Goberno do Concello de Santiago de Compostela aprobou o venres día 5 o proxecto do Obradoiro de Emprego Ecotur Xuvenil III, que contempla a execución dunha nova fase do acondicionamento das beiras do Sar, no tramo comprendido entre Ponte Suarribas e Ponte da Fervenza. O alcalde explicou que esta actuación "permitirá darlle continuidade ás sendas realizadas no marco das dúas primeiras edicións do Ecotur Xuvenil", e insistiu en que a intención do Goberno é "acondicionar todo o tramo dende Sar ata a zona do Banquete de Conxo".

O proxecto do Obradoiro de Emprego Ecotur Xuvenil III ten un orzamento estimado de case

160.000 euros. Deses cifra, 50.000 euros serían achegados polo Concello para sufragar os custos do material. Para os case 110.000 euros restantes, correspondentes ao financiamento da man de obra, a Xunta de Goberno tamén acordou hoxe solicitar unha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Colectores de roupa e calzado

A Xunta de Goberno tamén aprobou a apertura do expediente de adxudicación mediante procedemento aberto da autorización do uso da vía pública para a colocación de colectores de roupa e calzado usados. Trátase dunha autorización que lle será concedida a algunha entidade que traballa

no ámbito das reservas especiais de emprego e que xa ten manifestado o seu interese pola instalación deste tipo de colectores. O alcalde explicou que o procedemento de adxudicación será a través dunha poxa.

Outros acordos

A proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, acordouse executar as resolucións do pleno do Xurado de Expropiacións de Galicia relativas ás expropiacións dunhas parcelas situadas no ámbito de Tricastela. Martiño Noriega lembrou que este proceso "remóntase xa ao ano 2011, e foi xudicializado polo desacordo do Concello cos prezos xustos fixados polo Xurado de Expropiacións". Finalmente, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia non lle deu a razón á Administración local, que abonará os prezos establecidos orixinalmente. O alcalde explicou que as actuacións a desenvolver neste ámbito "están incluídas no protocolo co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para a convocatoria de concursos arquitectónicos en diversos puntos sensíbles da cidade".

Por último, a Xunta de Goberno aprobou o convenio de colaboración co Ateneo de Santiago, que recibirá unha achega do Concello de 5.000 euros.

A empresa concesionaria do transporte urbano substituirá os autobuses máis deteriorados

A Xunta de Goberno autorizou este venres a substitución de sete vehículos adscritos ao servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros. Trátase de autobuses matriculados no ano 1999, e que presentan numerosas deficiencias que viñan suscitando as queixas dos usuarios.

O alcalde explicou que a autorización para substituír os sete autobuses chega "despois de que Tussa realizara unha auditoría sobre a situación da flota dos vehículos que cobren as rutas do transporte urbano, previo ao novo procedemento de licitación do servizo". Martiño Noriega sinalou que "é evidente que moitos autobuses están moi deteriorados, e ata que teñamos o novo contrato é preciso manter a calidade do servizo e a seguridade dos usuarios". A renovación destes sete autobuses é temporal, e non terá ningún custo para o Concello. O rexedor lembrou que estes vehículos sumaranse aos catro que se renovaron hai xa uns meses.

Viaqua

Na Xunta de Goberno tamén se adoptou unha decisión relativa á concesionaria do servizo de augas, Viaqua. Trátase da aprobación do cadro de prezos que a empresa terá que aplicar nas



obras que realice ao longo de 2017. O alcalde explicou que "ata o de agora non había un cadro de prezos que unificara o que a concesionaria lle cobraba aos veciños e veciñas de Santiago por executar tomas de auga ou obras de saneamento e traída". Agora, estará estipulado cales son esas tarifas, "de xeito que ningún compostelán se poderá sentir agraviado con respecto a outro".

Cemiterio de Boisaca

O Goberno local tamén aprobou a apertura do procedemento de adxudicación do servizo de conservación e mantemento do cemiterio municipal de Santiago. Farase a través dun procedemento aberto e cun tipo de licitación de 122.190 euros/ano, máis IVE de 25.659,90 euros/ano.

Redacción A CORUÑA

Máis de 150 propostas cidadás na segunda edición dos Orzamentos Participativos

A Concellería de Participación e Innovación Democrática do Concello de A Coruña vén de informar que a plataforma dixital na que se está a desenvolver orzamentos participativos, aportaaberta.coruna.es, rexistrou, desde a apertura do prazo para propoñer ideas de investimentos, o pasado 26 de abril, ata o día 3 de abril, 60 propostas para a cidade, e un total de 98 propostas concretas para os dez distritos. O prazo para facer achegas de investimento para incluír no presuposto municipal de 2018 está estará ata o 21 de maio, e pode facerse a través desta pla-

taforma, así como nos encontros de debate que se están a realizar en toda a cidade. Nestes encontros haberá persoal mediador para resolver dúbidas sobre o proceso e facilitar a participación a aquelas persoas que non teñen acceso a internet ou precisen de axuda para facelo, así como un servizo de conciliación a disposición das persoas asistentes e intérprete de signos.

Coa mesma función informativa que os encontros presenciais e de debate, un autobús percorre estes días as rúas, prazas e parques da Coruña.



Galicia

Redacción NDEA

As “Merendas con Contos” ata xuño en Sober



Celebración do Día do Libro en Sober.

O programa de animación á lectura ‘Merendas con Contos’, desenvolvido todos venres na Biblioteca Municipal do Concello de Sober en horario de 17:30 a 19:00 horas, continúa cunha extensa programación cultural para os vindeiros meses. En abril, o mes dos libros, os nenos e nenas pasarano en grande con actividades de todo tipo destinadas a fomentar a lectura. A actividade do Día do Libro chamouse ‘A volta ó mundo en 80 libros’. Partindo desta novela do escritor francés Julio Verne os máis pequenos elaboraron un mapamundi que levaba tarxetas con títulos e autores de todos os países do mundo, seguindo a ruta marcada por Julio Verne.

Merendas con Contos conmemorou o Día do Libro cunha exposición sobre a actividade ‘A volta o mundo en 80 libros’ e outra sobre o escritor Julio Verne. Organizouse ademais a 5ª edición do Mercadillo de Libros e un Bookcrossing, no que se liberaron libros no parque infantil. A Biblioteca organizou a actividade ‘Un libro un agasallo’, na que du-

rante toda a mañá as persoas que se achegaron á Biblioteca levaron un libro de regalo. O 28 de abril, os nenos e nenas asistiron a un concerto de solistas da Escola Municipal de Música de Sober no salón de actos do Centro Sociocultural.

Mes das Letras

No mes de maio as Merendas con Contos estarán dedicadas ás letras e as actividades estarán destinadas a que os máis pequenos de Sober coñezan a Carlos Casares, autor homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas. Deste xeito o primeiro venres do mes, 5 de maio, os cativos asistirán ao contacontos ‘A galiña azul e compañía’, de Cristina Vázquez Santos, actividade enmarcada no programa Ler Conta Moito da Xunta de Galicia. O seguinte venres, día 12, participarán nun obradoiro de informática no que aprenderán a facer o conto de Carlos Casares “Lolo anda en bicicleta” co programa Playcomic.

O 19 de maio celebrárase unha actividade especial de simbiose entre a literatura e a música. Así os rapaces unirán a lectura da bio-

grafía e obra de Carlos Casares coa música interpretada polos alumnos da Escola Municipal de Música de Sober. O último venres de mes, 26 de maio, as Merendas acollerán unha tarde dedicada ao cine.

Como en edicións pasadas a Biblioteca de Sober participará, en colaboración coa Biblioteca Nodal de Lugo, no certame de narración e debuxo infantil das letras Galegas que este ano leva por nome ‘O mundo que queremos’. Os traballos entregaránse na Biblioteca de Sober ata o día 8 de maio e os premios repartiránse o día 2 de xuño.

Mais actividades

O mes de xuño chega tamén repleto de actividades ás Merendas con Contos. O primeiro venres de mes, día 2, os nenos e nenas desfrutarán dunha representación Teatral pola Escola Municipal de Teatro de Sober. Ademais o día 7 participarán na actividade ‘Ler a nosa Bd’, unha viaxe pola historia e os autores da Banda Deseñada Galega. O 14 de xuño os máis pequenos asistirán a un concerto de Xoan Curiel: ‘Ao Encontro de Martín Códax’. A actividade levarase a cabo ás 19:30 horas no Salón de Actos do Centro Sociocultural e está enmarcada dentro do programa Cultura no Camiño da Xunta de Galicia. E o domingo 18 de xuño os cativos asistirán ao concerto de fin de curso da Escola Municipal de Música de Sober. O alcalde do Concello soberino, Luis Fernández Guitián, puxo en valor esta exitosa iniciativa das Merendas con Contos que ten como finalidade “ofrecer un espazo lúdico e cultural para que os nosos nenos e nenas se familiaricen coa biblioteca e coa lectura” e animou a todos os soberinos e soberinas a que leven aos seus fillos e fillas a participar diversas actividades que se organizan.

Castro Caldelas volverá no verán á Idade Media



A alcaldesa fixo esta foto na Praza do Prado de Castro Caldelas.

O Concello de Castro Caldeas amosou en Semana Santa un pequeno adianto dun programa de actividades medievais organizadas para este verán que terán como protagonista o seu castelo e o caso histórico. Na programación de Semana Santa ofreceuse unha feira de artesanía, unha ambientación con circo de rúa baseado en aspectos medievais e un concerto nocturno no castelo. Por outra banda, unha obra de teatro percorreu as rúas da zona histórica e no castelo ofreceuse unha demostración de cetrería, xusta ou loita entre cabaleiros, unha loita de espadas, e rematouse cunha queimada e unha aplicación de sentenza como final da obra de teatro “O estafador” tras percorrer as rúas. Sara Inés Vega Núñez, alcaldesa

de Castro Caldelas, explicou que se está ambientando o castelo e a vila de volta á Idade Media, que é o programa que se quere desenvolver a partir de xuño. En 2015 realizáronse visitas dramatizadas e demostracións de cetrería e aves exóticas, pero “houbo un parón e agora estamos a recuperar a actividade para facer algo máis potente”. Apunta a alcaldesa que “estamos a traballar nos contratos pertinentes, concretando os termos, e agora só ofrecemos un adianto”. A partir de xuño quereuse que comencen as actividades, centrando a programación máis potente en agosto. Todo estará recreado na Idade Media xa que en Castro Caldelas hai “un castelo medieval e un caso histórico que se adapta moi ben”

Biblioteca de Mesopotamia en Monforte

En Monforte a colección de volumes Biblioteca de Mesopotamia, na Pinacoteca do colexio Nosa Señora da Antiga. Asistiu o autor da introdución do volume que abre a colección, Claudio Rodríguez Fer, e o escritor Antón Lopo. A Deputación de Lugo colabora con esta iniciativa cultural adquirindo 100 exemplares para distribuílos por toda a pro-

vincia. A Biblioteca de Mesopotamia é un proxecto impulsado polo escritor e editor Antón Lopo a través da editorial Chan da Pólvora co obxectivo de difundir a literatura e os autores da Ribeira Sacra. A obra seleccionada para abrir a colección foi Contos de Mesopotamia, de Ánxel Fole, que conta con dez relatos do autor relacionados coa Ribeira Sacra.



Asistentes de Lugo e Ourense ao acto de inauguración.

Redacción LUGO

Presentouse en A Pontenova a III edición da volta ciclista ás comarcas de Lugo que comezará o 26 de maio. Asistiron ao acto o presidente da Deputación, Darío Campos Conde, xunto ao alcalde do Concello de A Fonsagrada, Argelio Fernández Queipo, o concelleiro de Deportes e Medio Rural do Concello de Lugo, Miguel Fernández Méndez, o presidente da Federación Galega de Ciclismo, Juan Carlos Múñiz Nieto, e o presidente do Club Ciclista Cidade de Lugo, José María Seijas Fernández. Fixérono acompañados polo exciclista profesional Ezequiel Mosquera Míguez, na Praza dos Fornos lugar de saída da segunda etapa deste desafío cicloturista.

O organismo provincial é o principal patrocinador desta proba deportiva, consolidada como a única volta cicloturista por etapas desenvolvida en Galicia, pois achega 65.000 euros para a súa celebración, promovendo deste xeito o deporte na provincia de Lugo e dando a coñecer a riqueza paisaxística e cultural das distintas zonas polas que transcorre o percorrido.

Campos Conde subliñou que “a volta ás comarcas é un excelente escaparate para a promoción da provincia pola cantidade de xente que consegue reunir e tamén pola súa difusión mediática. Cada ano incrementa o número de inscritos, posto que en 2015 foron 140 os participantes, en 2016 houbo 198 ciclistas e, nesta nova edición, esperase superar os 200 corredores chegados toda Galicia, pero tamén de lugares tan dispares como Ibiza, Cidade Real, Murcia, Valencia,

A volta ciclista ás comarcas de Lugo será do 26 ao 28 de maio



Presentación da volta ciclista na Praza dos Fornos de A Pontenova.

Asturias, León ou Madrid. A estes hai que engadir os milleiros de afeccionados que seguen o desafío e que poderán coñecer as potencialidades da nosa provincia”.

Etapas

A primeira etapa terá lugar o venres 26 de maio, os corredores saíran ás 11:00 horas da Praza Maior do Concello de Lugo e chegarán á Rúa das Escolas, no Concello de A Pontenova. En total, percorrerán unha distancia de 86,8 quilómetros, cun desnível acumulado de 1.193 metros positivos, atravesando altos de montaña como o Alto de Lindín (3ª categoría), o Alto de Cruz da

Cancela (2ª categoría) ou o Alto de Augaxosa (2ª categoría). Atravesará os Concellos de: Lugo, Castro de Rei, Pastoriza, Riotorto, A Pontenova.

A segunda etapa disputarase o sábado 27 de maio con saída ás 10:00 horas dende a Praza dos Fornos de A Pontenova. O remate desta segunda etapa terá lugar na Praza do Concello de A Fonsagrada, completando unha distancia de 117,1 quilómetros e 3.077 metros de desnível positivos. Neste segundo día, os ciclistas enfrontaranse a altos de montaña como o Alto de Marco de Álvarez (2ª categoría), o Alto da Barraca

(1ª categoría), o Alto de O Couso (1ª categoría), ou o Alto de Muradal (1ª categoría). Atravesará os Concellos de: A Pontenova, Meira, Ribeira de Piquín, A Fonsagrada

Finalmente, a terceira etapa da Volta celebrarase o domingo 28 de maio. A saída terá lugar ás 10:00 horas dende a Praza do Concello de A Fonsagrada, e a meta estará situada no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo. En total os corredores realizarán 85,3 quilómetros de distancia, nesta última etapa cun desnível acumulado de 989

metros positivos, pasando por altos de montaña como o Alto da Fontaneira (2ª categoría), o Alto da Vaqueriza (2ª categoría), ou o Alto de Lousada (3ª categoría). Atravesará os Concellos de: A Fonsagrada, Cádavo, Castroverde, O Corgo, Lámara, Guntín, Lugo.

Desafío volta júnior

O desafío volta júnior nace como un complemento á volta ciclista ás comarcas para involucrar a toda a poboación dos Concellos que son saída e chegada de cada etapa, especialmente, aos nenos e nenas de cada un deles. Na zona de chegada de cada etapa instalaranse uns circuitos de ha-

bilidade, destreza e velocidade onde os nenos e nenas poderán sentirse como profesionais, xa que dispoñerán da mesma infraestrutura, loxística e medios humanos que o resto de deportistas.

Difusión audiovisual

Campos Conde informou que a TIC da Deputación foi a encargada de realizar o vídeo da presentación do percorrido da 3ª edición do desafío volta a Lugo 2017. O audiovisual proxectouse durante o acto de presentación oficial diante dos fornos históricos da localidade mariñá. Ademais, a TIC difundirá o evento máis aló da súa celebración.

Para dito fin, un equipo da Fundación desprazarase os tres días que dura o evento ás comarcas polas que pasarán os itinerarios para gravar aos participantes e o desenvolvemento da proba a pé de ruta. O resultado do traballo editarase nun DVD que servirá de documento gráfico para a organización desta nova edición. Tamén se realizarán reportaxes que se publicarán nas redes sociais oficiais que habilitará o evento e da Fundación para a súa promoción.

O vídeo ofrece información detallada con infografías en 3D do percorrido, datos e perfís técnicos de interese de cada unha das tres etapas, con saída e chegada en Lugo capital, na Pontenova e na Fonsagrada. Deste xeito, os corredores dispoñen de mapas, gráficos de desniveis, quilómetros dos itinerarios e información de interese para afrontar o desafío como avituallamentos, datas, lugares ou horarios do control de sinaturas.

O PP critica que o alcalde de Monforte recibira no Concello a Pedro Sánchez

O grupo municipal do PP de Monforte denuncia “a politización” que o alcalde, José Tomé, fai do Concello ao confundilo coa sede do PSOE na visita a Monforte de Pedro Sánchez. Os populares queren saber o motivo polo cal o socialista foi recibido polo equipo de Goberno no salón de Plenos e asinou no libro de ouro do Concello, un acto ao que ademais o rexedor non convidou ao resto dos grupos con representación municipal. “É o primeiro en atizarlle ao PP cando os seus membros fan visitas privadas e de partido e agora monta este circo no Concello do que ademais nos temos que enterar pola prensa”, explica a voceira do PP, Julia Rodríguez. Os populares critican que o alcalde use o Con-

cello como se fora a súa propia casa, e advirten da gravidade de que poida haber recursos que se poñan a disposición do partido socialista e se sosteñan con fondos públicos, posto que a visita de Pedro Sánchez non ten nada que ver coa vida institucional, senón cun acto de partido do candidato ás primarias do PSOE. A voceira do PP, Julia Rodríguez, lamenta que se lle quixeron dar a esta visita un carácter institucional o alcalde non aproveitara para ensinalle os tesouros que ten Monforte, non só culturais, como a pinacoteca dos Escolapios ou o Museo de arte sacro, ou o museo do ferrocarril, senón tamén para favorecer o crecemento económico da cidade como o polígono, a potabilizadora ou o porto

seco. O alcalde non obtivo o compromiso do candidato de traballar por Monforte, foi Sánchez quen levou o compromiso de Tomé de traballar a prol da súa candidatura, o que evidencia que se trata dun acto “exclusivamente de partido”.

Ao mesmo tempo os populares advirten da necesidade de contar cunha ordenanza que regule o protocolo no Concello para evitar que o alcalde siga empregando a institución ao seu antollo e convide a un amigo persoal, que non é un convidado da cidade, nin se lle coñece mérito algún que lle confira a distinción de asinar no libro de ouro. Neste sentido, O PP anuncia que levarán unha iniciativa ao Pleno para que se elabore a ordenanza.



María Julia Rodríguez, voceira do PP no Concello de Monforte.

Galicia

Redacción OURENSE

O PSdeG levará ás institucións a parálise sobre a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade

O PSdeG-PSOE levará ás institucións galegas a parálise que sofre o proceso para a declaración da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural e Patrimonio da Humanidade, mediante diversas iniciativas no Parlamento de Galicia. Os socialistas queren que a Xunta de Galicia axilice un proceso que leva estancado dous anos na Administración autonómica e que engrosan os 17 anos e medio que a Ribeira Sacra leva embarullada na lista indicativa de bens e sitios excepcionais propostos para ser declarados Patrimonio da Humanidade.

Nun encontro celebrado no castelo de Castro Caldelas, o voceiro do Grupo Parlamentario do PSdeG-PSOE, Xoaquín Fernández Leiceaga, anunciou que os socialistas levarán ao Pleno da unha pregunta oral para reclamar un “compromiso firme en sede parlamentaria” por parte da Xunta. O portavoz parlamentar fixo referencia ao carácter biprovincial do territorio que abarca a Ribeira Sacra e que conta cun importantísimo valor patrimonial e que xa está a ser unha referencia turística de primeiro nivel pero que precisa dun pulo definitivo que “non reforza os valores das comarcas, senón que simplemente os sinala e significa poñela nun mapa en todo o mundo”. Leiceaga indicou que “por iso recolleemos as iniciativas que xa foron aprobadas nas Deputacións de Ourense e de Lugo e nos concellos das comarcas da zona para rematar con demasiado tempo con retórica sen feitos. Trátase de pasar das declaracións ás accións. Isto pasa por formalizar o BIC para levar a petición á UNESCO”. A este respecto, o secretario xeral dos socialistas ourensáns e deputado autonómico, Raúl Fernández reivindicou “o apoio público para garantir as infraestruturas e as medidas necesarias para desenvolver as potencialidades da comarca”. Destacou así mesmo, “que aínda que é unha zona afectada polo avellentamento e a despoboación, trátase dun territorio con moitos recursos e altísimas potencialidades,

polo que é necesaria a intervención das diferentes administracións para dar un salto definitivo e por todo en valor”. Pola súa banda, a alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega Núñez, declarou sentir “tristura porque a día de hoxe aínda non sabemos cal é o territorio que vai conformar esa declaración, por ese motivo estamos aquí reivindicando que se axilice o proceso, porque o precisamos”. Destacou o feito de que os socialistas leven a iniciativa a sede parlamentaria que: “necesitamos iniciativas, apoio, infraestruturas por parte da Xunta de Galicia, tanto Castro

lista na Deputación, Francisco Fraga, ao denunciar que “esta é a solicitude máis antiga do Estado, levamos máis de 18 anos agardando pola declaración polo que tempo houbo abondo. O que queremos é un compromiso formal do conselleiro. Máis aló da moción que presentamos na Deputación e que foi aprobada por unanimidade, precisamos un compromiso real. Esta zona teno todo, só precisa dun pulo para que se dea a coñecer en todo o mundo. Vemos coma na Deputación, continuamente, o PP lanza iniciativas sobre a posta en marcha de distintos museos: da emi-



O PSdeG reuniuse coa alcaldesa no castelo de Castro Caldelas.

Caldelas coma todos os concellos que conforman a Ribeira Sacra”.

Ao Parlamento

A iniciativa, que partiu do PSOE de Ourense e que foi aprobada por unanimidade na Deputación e que tamén foi levada ós plenos municipais dos concellos da contorna, enfía camiño agora cara ó Parlamento de Galicia. Na pregunta parlamentaria, os socialistas cuestionan o “silencio” que rodea o procedemento e relatan que “non sabemos si esta suposta paralización obedece a problemas xurídicos pola delimitación da zona a incluír; polas protestas xeradas pola falla de información adecuada á colectivos; pola falla de informes, estudos ou calquera outro aspecto fundamental ou polo rexeitamento por parte das actividades económicas que se xeran na zona delimitada”.

Sobre esta mesma cuestión fixo referencia, o portavoz socia-

gración, dos Bolechas, etc, que mellor museo que a Ribeira Sacra, é horas de que este tema se tome en serio e nos poñamos mans á obra”.

Os socialistas de Ourense denunciaron “intereses escuros” para adiar a declaración da Unesco. Ademais do parón que o asunto sufriu durante tres lustros e dos atrasos nos informes técnicos dende hai dous anos, nos últimos meses, vênense sucedendo feitos que destapan a actitude pasota do PP. No hai mas que recordar que a Xunta non respondeu á Valedora do Pobo tras rexeitar o informe técnico por estar incompleto; que PP non acudiu ó encontro proposto pola Deputación de Lugo en 2016 para axilizar o proceso e, incluso, ó escoitar o anterior titular do Valedor do Pobo denunciar ‘desinterese’ por parte das partes implicadas no proceso.

O Carballiño presentou en Madrid a LV Festa do Pulpo



Francisco González coordinando a cocción do pulpo.

A LV “Festa do Pulpo do Carballiño” promocio-nouse no maior espazo gastronómico de Madrid, Platea, exhibindo un prato de 2,20 metros de diámetro, que foi o primeiro que se utilizou no Carballiño para elaborar a primeira tapa xigante de pulpo. O evento tipo lugar na presentación da segunda ruta gastronómica Pulpo Pasión Madrid, integrada por trinta e nove restaurantes galegos da capital de España, e que se desenvolverá ate o 15 de maio. Os concelleiros de Turismo e Cultura, José Manuel Dacal e Diego Fernández, acudiron a este acto por invitación da organización, que promoveu a elaboración no escenario deste espazo gastronómico de 6.000 metros cadrados situado na céntrica Praza de Colón, da maior tapa de pulpo de Madrid.

A orixinalidade deste evento residiu en que foron os asistentes, maioritariamente, propietarios e chefs dos restaurantes, así como blogueiros e público quen pícaron os 110 quilos de pulpo cos que se elaborou a tapa. A dirección e instrucións da cocción e preparación da tapa correu a cargo do pulpeiro carballiñés Paco Gómez, que amosou a gran tradición pulpeira do Carballiño, así como as excelencias das súas pulpeiras e pulpeiros.

Durante a rolda de prensa, José Manuel Dacal presentou a Festa do Pulpo do Carballiño como o referente das festas gastronómicas de Galicia e convidou aos asistentes e aos madrileños en xeral a visitar a vila carballiñesa o domingo 13 de agosto para degustar o

pulpo á feira elaborado polos mellores pulpeiros e pulpeiras do mundo.

Neste senso e ante a gran concurrencia de blogueiros e blogueiras de gastronomía e restauración que había neste evento, o concelleiro dixo que se estaba avaliando a posibilidade de organizar no Carballiño unha xornada con eles para dar maior difusión nas redes sociais á Festa do Pulpo. Ademais do amosar o prato xigante serigrafiado cos lemas da Festa do Pulpo, o Concello distribuiu folletos promocionais da festa.

Na rolda de prensa de presentación desta segunda ruta Pulpo Pasión Madrid 2017, tamén interviñeron o organizador do evento, Nacho Sandoval; o pulpeiro carballiñés e copropietario das pulperías A Feira, Paco Gómez, e o presidente da asociación de distribuidores de marisco e peixe de Mercadrid, que é o segundo mercado de peixe do mundo e que cedeu o pulpo para elaborar esta tapa xigante.

O Concello do Carballiño traballa a reo na presentación pública do CD da cantiga “Pulpeiriña do Arenteiro”, así como da presentación da Festa do Pulpo en Nuremberg, a cuxo centro galego se adica a 55 edición da festa. Esta dedicatoria garda relación non só no feito de que este centro galego celebre o 25 aniversario da súa propia Festa do Pulpo, senón que se considera un acto moi relevante para conquistar a denominación de Festa de Interese Turístico Internacional, que é un dos obxectivos do Concello.

Unha suposta trama para obtención fraudulenta de subvencións públicas salpica á Deputación

O PSdeG-PSOE reclamou ó presidente da Deputación, Manuel Baltar, a apertura inmediata dunha investigación interna, ante as novas publicadas que implican directamente a Deputación e o xefe de persoal da institución, nun presunto fraude en cursos de formación que supera o medio millón de euros, segundo asegura a Policía Nacional. O PSOE da Deputación ourensá considera "alarmante" que un asunto tan grave e desta envergadura económica, con centos de milleiros de euros públicos presuntamente roubados de varias institución, salpique directamente a institución provincial manchando a súa imaxe. "O Goberno provincial debe investigar o asunto de inmediato e dar explicacións polo miúdo", acordaron os socialistas nunha reunión, xa que "os detalles ofrecidos pola Policía son moi graves ao imputar ós detidos e investigados supostos delitos de falsidade documental, contra a Facenda Pública e a Seguridade Social, contra a Administración Pública, blanqueo de capitais, estafa e suborno que afectan directamente ás arcas da Deputación".

Dilixencias informativas

Manuel Baltar, anunciou orde-

nar a incoación de dilixencias informativas en relación ao caso da Academia San Pablo. Fixoo, segundo informou a institución provincial, "para os efectos de determinar existese algunha relación entre a investigación da que informan os medios de comunicación e na que aparece presuntamente implicado o xefe do Servizo de RRHH desta Deputación, e a súa actuación non exercicio das súas funcións como empregado público provincial". Baltar Blanco designou ao vicesecretario xeral da institución que preside, Juan Marquina Fortes, como instructor das devanditas dilixencias, que arrincarán tomando declaración ao funcionario afectado "en primeiro lugar", o xefe do Servizo de Recursos Humanos (alcalde do Concello de Monterrei), Xosé Luís Suárez Martínez. O instructor das dilixencias será o encargado de emitir o correspondente informe que elevará ao presidente da Deputación ourensá "non menor prazo posible". Baltar Blanco sostén que a investigación do caso atópase baixo segredo sumarial pero que, en todo caso, existe a posibilidade de que os feitos investigados "poidan ter algún tipo de relación co funcionamento da Deputación, dal-

gunha das súas unidades administrativas ou coa actuación de empregados públicos provinciais". Por iso é polo que se considere "procedente", di o presidente da Deputación ourensá, incoar dilixencias informativas.

Trama

A Policía Nacional sostén que a presunta trama, ideada polo responsable do centro de ensino (xa pechado) San Pablo da capital ourensá, contaba coa participación activa da súa esposa, funcionaria da Xunta, que se serviu do seu cargo utilizando un selo de compulsa persoal que validaba documentación falsificada para obter subvencións da Xunta de Galicia, Concello e Deputación de Ourense e de fondos europeos. Desta forma obterían entre 2005 e 2012 algo máis de medio millón de euros en axudas. Unha cantidade á que hai que sumar preto de cen mil euros presuntamente estafados á Seguridade Social.

Para dificultar o control dos movementos bancarios realizados a nome da asociación ficticia Aexpa, o matrimonio abriu e deu de baixa presuntamente diversas contas bancarias en distintas entidades, segundo despréndese do informe policial. A suposta participación do xefe de Recursos Hu-



Xosé Luís Suárez Martínez, xefe de RRHH na Deputación.

manos da Deputación, sería o de contacto encargado de contratar na institución provincial a algúns alumnos previo cobro de determinadas cantidades de diñeiro que poderían alcanzar os 12.000 euros. Os investigadores sosteñen que alo menos dous dos alumnos acompañados do dono da academia, reuníronse co alto cargo da Deputación e conseguiron contratos temporais nese organismo. Xosé Luís Suárez Martínez foi citado en Comisaría pero non prestou declaración por non contar coa presenza do seu avogado.

A presunta trama abarca a outras empresas da cidade, subministradoras de material, que,

segundo a Policía, elaboraban facturas falsas por grandes cantidades de diñeiro. Ata o momento só pasou a disposición xudicial o matrimonio propietario do centro de estudos. Ambos, que se acolleron ao seu dereito a non declarar, quedaron en liberdade en condición de imputados.

A Policía iniciou as investigacións no ano 2015 a partir dunha denuncia recibida que "destapa unha trama ideada polo responsable do centro de estudos" para a obtención fraudulenta de subvencións públicas "burlando as condicións e requisitos esixidos mediante múltiples falsidades e enganoso", segundo engade.

O edil Baltar non asiste aos plenos de Esgos

O concelleiro do PP na Corporación municipal de Esgos, José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, non asiste ás sesións plenarias desde xullo de 2015, segundo sinalou o único concelleiro da oposición, o socialista Víctor Manuel Pérez. O edil Baltar Blanco asistiu ao primeiro pleno do mandato o 13 de xuño de 2015 para tomar posesión como concelleiro, ía de segundo na lista, e desde esa data so volveu a outra sesión plenaria.

Víctor Manuel Pérez cre que as súas reiteradas ausencias son un «desprezo» ao pobo. Sempre celebramos os plenos ás nove da noite, precisamente para facilitar a asistencia ás persoas que traballan», di o edil socialista, que tamén fai fincapé en que a perio-

dicidade formal das sesións é de dous meses. Pérez compara a actuación de Baltar coa do seu pai e predecesor no cargo, que era concelleiro na capital ourensá e que, salvo excepcións, asistía a todas as sesións.

Ramiro Rodríguez, portavoz do BNG na Deputación, cualificou de insulto o comportamento de Baltar como edil. «A min paréceme unha falta de respecto total aos seus veciños e aos seu pobo. Se foi elixido polos cidadáns ou normal é que apareza nos plenos para contribuír a traballar para mellorar ou seu pobo e as prestacións que se lle dan aos veciños. O que pasa é que como últimamente o está noutro tipo de situacións, de índole internacional, ao mellor os problemas dous veciños que ou elixen e ou votan se lle quedan un



pouco pequenos, en relación ás aspiracións que ten e a como se desenvolve nesta casa», segundo Ramiro Rodríguez.

Gonzalo Pérez Jácome, de Democracia Ourense, considera que esta práctica «demostra o pouco demócrata que é este señor e o desprezo que fai ao seu pobo e aos seus veciños». Para Jácome esta postura de Baltar «é o reflexo da súa covardía e do medo que ten de presentarse onde re-

almente vive, que é en Ourense. E é a proba inequívoca de que esta persoa se vai nunha lista, como é tan odiado, resta votos. Nós queremos que faga como o seu pai, que non era tan odiado, que se presentaba por Ourense e ía aos plenos. Rétooo a que teña valor e que se presente pola cidade. O que pasa é que non se atreve con Ourense».

Francisco Fraga, portavoz do PSdeG na corporación provincial,

non considera que a inasistencia de Baltar aos plenos sexa algo que deba suscitar unha valoración de grupo: «Na miña opinión, calquera persoa que ostente ou cargo de concelleiro debe cumprir coa obriga que adquire. Dito isto creo que é unha cuestión sobre a que se debe pronunciar a oposición de Esgos, mais é intrascendente para o PSdeG como grupo provincial».

Mario Rodríguez, alcalde de Esgos, sinalou que «Baltar ten outras ocupacións; non é como os demais, que temos máis tempo. El tiña que ir nunha lista para ser presidente da Deputación; decidiu vir por Esgos e nós estamos encantados de que estea». Mario Rodríguez di non entender as críticas do edil socialista. «Para que quere que estea aí? El podar falar igual do que queira», pregúntase o alcalde, que apunta que «hai problemas máis importantes que este dos que preocuparse en Esgos».

Xantar, Termatalia México e Funergal. Expourense organizou en 2016 tres das cinco feiras internacionais celebradas en Galicia. Ademais da internacionalización, foi un ano no que tamén foi clave a cooperación público-privada para celebrar proxectos que contribuíron a xerar novas oportunidades de negocio internacionais ás empresas galegas.

A celebración da terceira edición de Termatalia en América Latina volveu posicionar a Expourense como o único recinto feiral de España que organiza eventos propios no estranxeiro. A internacionalización foi, polo tanto, o fito que marcou a actividade de Expourense durante o pasado ano no que o recinto reforzou a súa rede de socios estratéxicos en Europa e América Latina, rede que se estendeu ademais a Oriente Próximo e Asia-Pacífico. Isto quedou patente na presenza de expositores e visitantes procedentes de 37 países de 4 continentes.

Estas son as premisas baixo as que desenvolveu a súa actividade en 2016 a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, que se consolida como unha plataforma que contribúe, a través da organización de citas únicas, a fomentar a competitividade das empresas galegas e a facilitar contactos internacionais, sobre todo en sectores estratéxicos como o termalismo, a gastronomía ou a industria funeraria. Por todo o anterior, as feiras e eventos promovidos por Expourense exerceron de axente dinamizador da actividade económica galega conseguindo ademais a involucración dos empresarios e fomentando o asociacionismo.

Intervencións

Os resultados da actividade de Expourense no 2016 foron presentados nun acto presidido pola directora xeral de Comercio, Sol Vázquez, que acudiu en representación do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria e presidente do Padroado de Expourense, Francisco Conde. A directora xeral estivo acompañada por outros membros do Padroado como o presidente da Cámara de Comercio de Ourense e do comité executivo de Expourense, Juan Carlos Parada; o vicepresidente da Deputación, Rosendo Fernández; o presidente da CEO, José Manuel Pérez Canal e a concelleira de Comercio do Concello de Ourense, Flora Moure. Todos eles concidiron na mensaxe que Sol Vázquez materializou así "Expourense é unha ferramenta que incrementa a competitividade da

Expourense organizou tres das cinco feiras internacionais celebradas en Galicia no 2016



Persoal de Expourense con empresarios e políticos.

economía galega e facilita a presenza das nosas empresas nos mercados internacionais".

Como exemplo do labor de internacionalización e dinamización empresarial que realiza Expourense, nesta presentación participaron tres empresarios que colaboran coa Fundación e que explicaron o que significa para o seu sector o expoñer no recinto. O primeiro en participar foi o presidente da Asociación de Concesionarios de Automóbiles de Ourense (ACAUTO), José Ramón Seijas, entidade que no 2016 organizou tres salóns do automóbil en Expourense. Indicou que "a organización dos salóns serviu para reactivar a venda de coches en Ourense. Expourense é un inmelorable estimulador económico".

A segunda das testemuñas chegou de parte do presidente da Asociación de Empresarios do Polígono de san Cibrao, Elías Mera, que o ano pasado organizou no recinto a súa feira "O Polígono nunca visto" que "esta feira foi a ventá que nos abriu e achegou á sociedade ourensá e galega, xa que moitos descoñecían todo o que fan as nosas empresas".

A terceira intervención correu a cargo do xerente de Gala Termal e director médico do Balneario de Aguas Santas, Dr. Antonio Freire,

quen deixou claro que "todo o traballo que fai a miña empresa no exterior é grazas a Termatalia. Cando alguén quere facer algo sobre termalismo no novo continente a referencia á que acudir é sempre termatalia. Grazas a esta feira estamos conseguindo que o termalismo galego sexa o que lidera o desenvolvemento termal de América Latina".

Resumo da actividade

O resumo de actividades organizadas pola Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, durante o 2016 indica que o recinto organizou o pasado ano un total de 11 feiras, boa parte delas de marcado carácter profesional e orientadas ó fomento do negocio. O conxunto dos certames contaron coa presenza de 943 expositores, unha cifra lixeiramente superior a do ano anterior e que indica o grao de fidelización e confianza das empresas e institucións polos proxectos levados a cabo por Expourense. As 11 feiras os máis de 20 eventos do calendario da Fundación atraeron a 117.00 visitas.

Expourense celebrou en 2016 a 9ª edición de Funergal, Feira Internacional de Produtos e Servizos Funerarios, de carácter exclusivamente profesional. Foi a única cita internacional do sector funerario

na Península en 2016 e contou coa participación de empresas de 14 países medrando nun 40% a superficie expositiva e nun 20% o número de expositores.

Tamén se organizaron catro feiras de carácter mixto: Xantar, Salón Internacional de Gastronomía e Turismo, o único destas características en España que se ten convertido nun produto turístico en si mesmo, ademais dunha plataforma para o sector primario galego a través da hostalería de calidade; Termatalia, Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar, posicionado como marca do termalismo mundial que celebrou o seu 10º aniversario como feira internacional; Previsel, Salón da Prevención e Seguridade Laboral, que celebrou o seu décimo aniversario promovendo a cultura preventiva entre empresas e traballadores e Galisenior, Salón Internacional das Persoas Maiores, que contou co apoio de todos os axentes sociais involucrados na mellora da calidade de vida e benestar deste importante segmento de poboación na sociedade galega.

Aposta local

Ademais dos certames profesionais xa mencionados, Expourense organizou en 2016 citas orientadas ó público xeral de carácter co-

mercial que convocaron a diferentes sectores, servindo de plataforma especialmente para o comercio local e contando co apoio de asociacións empresariais como é o caso dos centros comerciais abertos. Neste ano incluíuse un novo proxecto no calendario da Fundación coa celebración no mes de maio do I Car Outlet que contou coa colaboración de A.C.A.U.T.O.

O resto de citas foron: a 23ª edición da Mostra da Oportunidade; a 8ª do Salón do Automóbil (Novo e de Ocasión) organizada en colaboración A.C.A.U.T.O., a 17ª de Celebra, Salón de Vodas, Bautizos, Comuñóns e Actos Sociais; e a 17ª edición de Megaxove, Salón da Xuventude.

Promoción internacional

No referente á actividade feiral de Expourense é preciso apuntar a promoción que dos distintos salóns, e dos sectores vencellados a eles, se realizou durante todo o ano nunha vintena de exposicións que tiveron lugar noutros puntos de Galicia, España, Europa e América Latina. Ademais, a través do stand da Axencia Galega de Turismo e da Consellería do Medio Rural, citas como Xantar, Termatalia ou Funergal estiveron presentes nas principais feiras internacionais vencelladas ó turismo (FITUR Madrid, Les Thermes Paris, BTL Lisboa, ITB Berlín, HTI Conferencie Viena, World Travel Market de Londres, etc.) ou á industria funeraria (Tanexpo en Bolonia ou Expofuneraria en Batalla) e nos foros profesionais máis importantes dos correspondentes sectores, proxectando polo tanto a "marca Galicia".

Deste xeito, Termatalia 2016 e o potencial termal de Galicia e Ourense foron presentados no Congreso da Asociación Latinoamericana de Spa en México, no 41º Congreso da Sociedade Internacional de Hidroloxía Médica celebrado en Rumanía, no Tianguis Turístico de México, en EXPOCOMER Panamá, no FIT Cataratas de Brasil ou no simposio sobre Turismo de Saúde da FEHGRA na Arxentina, entre outros.

Outras citas como Xantar contribuíron a reforzar as relacións de cooperación transfronteiriza con entidades do Norte de Portugal a través da presenza en eventos organizados pola Entidade de Turismo Porto e Norte, principal socio estratéxico de Expourense no país veciño.

Para realizar este labor á internacionalización, Expourense conta na actualidade cunha rede integrada por 29 delegacións que operan en máis de 50 países de catro

Redacción OURENSE

continentes e a través das cales está presente nas principais feiras e congresos profesionais do mundo, principalmente dos vencellados ó sector termal.

Autónomos e Microempresas

Durante o 2016, Expourense presentou de novo alternativas de apoio aos empresarios poñendo en marcha distintas accións para fomentar a participación en feiras de autónomos e microempresas. Máis de 40 emprendedores puideron beneficiar de taxas bonificadas que lles permitiron contactar con novos clientes, e deste xeito fomentar o crecemento da súa empresa, tamén a nivel internacional. En salóns como Xantar entidades como a Consellería de Medio Rural facilitou a presenza nestas citas de pequenos produtores, viticultores, e colleiteiros.

Innovación e a calidade

A confluencia nas feiras e eventos celebrados en Expourense dos axentes públicos e privados implicados no sector económico que corresponda (termalismo, gastronomía, industria funeraria, comercio, etc.) converten a estas citas no escenario axeitado para recoñecer publicamente a aposta pola innovación, a calidade e o emprendemento dos empresarios, traballadores e futuros profesionais.

Deste xeito, Expourense entregou no 2016 unha nova edición dos "Premios Xantar Internacional" e tamén dos "Premios Funerario Internacional" que recoñeceron a aquelas entidades e empresas que fixeron unha firme aposta por estes salóns presentando produtos novidosos ou desenvolvendo múltiples accións promocionais. Celebrouse ademais a 6ª edición dos Premios Líderes

0 recinto acolleu once feiras e máis de 20 eventos que atraeron a máis de 117.000 visitas e a 943 expositores de 37 países

en Calidade, outorgados a cinco empresas galegas que destacaron como base da súa actividade a capacidade de adaptación ó novo contexto empresarial xurdido da coxuntura económica actual. Esta edición incluíu por primeira un premio especial transfronteirizo para a Cámara Municipal de Ponte de Lima.

Ademais, a innovación estivo presente de xeito transversal no calendario feiral con actividades como a 10ª Xornada de Divulgación das Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética que estivo marcada pola análise do "autoconsumo enerxético" en edificios, ou como o Concurso de Proxectos Tecnolóxicos, que celebrou a súa 16ª edición, e que ten o obxectivo de vencellar a investigación realizada na Universidade co tecido empresarial galego.

Formación

No 2016, Expourense fixo un importante esforzo á hora de promover, organizar e acoller xornadas, cursos e seminarios de formación ou actualización profesional. Nas diversas convocatorias, ben complementando ás feiras ou de xeito individual, participaron máis de 350 relatores nacionais e internacionais. Foron seguidas por máis de 10.500 asistentes.

Ademais, Expourense é un centro homologado para impartir ca-

pacitación profesional a través dos cursos do Plan de Accións Formativas para Desempregados (AFD).

Eventos

As instalacións de Expourense foron o escenario elixido para a celebración de dúas feiras organizadas por axentes alleos á Fundación. Unha das novidades foi a exposición de "O Polígono nunca visto" que serviu para celebrar o 50º aniversario da Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao e que tivo o obxectivo de achegar á sociedade o traballo que realizan as súas empresas. A outra cita organizada por un axente externo foi a terceira edición da Feira de Antigüidades.

O Clúster da Comunicación de Galicia, coa colaboración da Deputación Provincial de Ourense, tamén elixiu Expourense para organizar a I Gala da Comunicación, Publicidade e Marketing de Galicia os "I Premios Paraugas", que xurdiron co obxectivo de recoñecer publicamente o saber facer das empresas e dos profesionais que traballan en toda a cadea de valor da comunicación dentro da nosa Comunidade Autónoma.

Expourense foi tamén o lugar seleccionado polo Grupo La Región para celebrar tres importantes Foros nos que participaron numerosos empresarios e axentes sociais da provincia que se ache-



Intervención do Sol Vázquez, directora xeral de Comercio da Xunta.

garon a escoitar a presidente de Análises Finaceiros Internacionais, Emilio Ontiveros, a daquela ministra de Fomento en Funcións, Ana Pastor, e o CEO de Estrella Galicia, Ignacio Rivera.

A celebración de Eleccións ó Parlamento de Galicia en 2016, tamén marcou a actividade do recinto que acolleu o Congreso do Partido Popular de Galicia no que participou o presidente do Goberno, Mariano Rajoy; un xantar-mitín do PSOE coa participación de Pedro Sánchez e o peche de campaña en Galicia do PPdeG. Neste último acto participaron máis de 2.000 persoas.

Expourense forma parte do Padroado do Parque Infantil de Tráfico que organiza o Circuito de Educación Viaria, polo que pasaron milleiros de escolares. Na área deportiva, ademais de Megaxove, a Fundación promove actividades

como o Festival Internacional de Xadrez "Cidade de Ourense" que conta coa participación de 300 xogadores, e representa un dos principais patrocinadores do Rallye de Ourense que atrae a milleiros de visitantes. Estas citas indican que outras empresas confían nas infraestruturas e soporte de Expourense para organizar os seus eventos.

Labor Social

Expourense ten ademais como obxectivos a promoción de actividades e accións sociais e educativas, que se reflicten na colaboración con asociacións e organizacións que traballan a prol da sociedade, dende os máis diversos ámbitos. Expourense colabora activamente con entidades como o Banco de Alimentos de Ourense, FAIBEN, a Fundación Amigos de Galicia, Alcer, Asociación Diabética Auria e outras.

síguenos en
facebook

síguenos en
twitter

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
BENEFICIOS E CÍVIL
Prog. axuda no fogar
Nº RUEPSS E-5556/P.001

Agencia de
colocación
nº9900000129

edades
servicios sociales
Estamos Contigo

AT GUARDIAS 673 515 907





VISITA NUESTRA TIENDA
CIENTOS DE PRODUCTOS IN SITU






Avd. de Marín 33 - Ourense - T-988 375 772
WWW.AYUDASTECHNICASOURENSE.ES

Galicia

Redacción OURENSE

Os candidatos socialistas ás primarias de campaña en Ourense

Os tres candidatos as eleccións primarias do PSOE visitaron Ourense: Pedro Sánchez, Patxi López e Susana Díaz. Militantes de Ourense participaron nunha comida na Susana Díaz presentou o seu proxecto para liderar o partido. A comida, dirixida exclusivamente a militantes e sufragada cunha achega por persoa de 15 euros, tivo lugar na asociación Axiña e, nela, Díaz compartiu conversación, anécdotas e abrazos cos socialistas ourensáns e detallou os puntos crave nos que quere basear a súa estratexia para devolver ao PSOE ao espazo político que lle corresponde. O portavoz provincial da plataforma "Ourense con Susana" (OcS) e alcalde de Amoeiro, Rafael Rodríguez, entregou a Susana Díaz unha copia do acta da voda que os pais de Pablo Iglesias Posse, Pedro Iglesias e Juana Posse, celebraron na parroquia ourensá da Trindade, na que contraeron o matrimonio do que, pouco despois, naceu o fundador do Partido Socialista Obreiro Español. Tamén interviñeron o portavoz da plataforma de apoio a Susana Díaz na cidade, Óscar Pérez, e a alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega. OcS cre que Susana Díaz é a persoa que o PSOE necesita porque representa a forza, a ilusión e as ganas que o partido require, coa súa demostrada entrega aos servizos públicos de calidade para todos e todas. A plataforma defende que presente e o futuro do socialismo en todo o Estado escríbese en feminino e Díaz

é un perfecto exemplo de vitorias electorais e triunfos sociais.

Pedro Sánchez

Pedro Sánchez sinalou que se gaña as primarias "esixirá lealdade" no seu partido, porque "criticar a un secretario xeral é debilitar ao partido e dar armas á dereita". Nun abarrotado auditorio do Campus universitario de Ourense foi recibido por militantes chegados das catro provincias galegas que lle gritaron en repetidas ocasións "Non te rendas". Sánchez agradeceu o apoio das plataformas socialistas de Galicia, "porque transformaron a decepción en esperanza para recuperar o PSOE" nas primarias socialistas que se celebrarán no mes de maio. O ex-secretario xeral do PSOE instou a "mobilizarse" aos militantes para converter as primarias "no quilómetro cero do cambio" e "devolver" ao partido "á senda que nunca debeu deixar: ser un partido de esquerdas, crible e autónomo". "Con este proxecto a situación do PSOE non estará á beira nin debaixo do PP. Estará á fronte da dereita", garantiu o socialista. Para Sánchez o partido vive un momento "transcendental" na súa historia no que "só hai dous proxectos políticos: o PSOE da abstención ao PP e o que defende un partido autónomo, crible e que dea participación á militancia". Neste sentido comprometeuse a que, se é elixido secretario xeral do partido, "as consultas á militancia sobre pactos electorais serán obrigatorias". Tamén confirmou que non vai

apoiar "os orzamentos" do Goberno de Mariano Rajoy e o fin do Concordato coa Santa Sé, polo que a Igrexa terá que "empezar a pagar impostos".

Patxi López

Patxi López visitou Ourense para reunirse cos militantes da provincia. O socialista subliñou a necesidade de abandonar unha campaña que cualificou de "agresiva", referíndose aos outros dous candidatos, Susana Díaz e Pedro Sánchez, e chamou á unidade do partido para evitar que este desapareza. López asegurou que de seguir nesta tónica: "Outros partidos arrasáranos e pasarán por encima".

Preguntado pola intención do líder de Podemos, Pablo Igrexas, de presentar unha moción de censura e a posterior reacción de Rajoy a este respecto, Patxi López afirmou que o que ten que facer o presidente do PP "en lugar de facer bromas, porque isto é unha cousa moi seria, é deixar de protexer a corruptos e empezar a colaborar coa Xustiza", no canto de dicir "que non sabía nada". Isto xa non é, un dous e tres corruptos no PP, é un Partido Popular que estivo sistemáticamente organizando tramas para saquear os recursos públicos mentres eles impoñían sacrificios ao resto da cidadanía". Criticou a proposta de moción de censura defendida polo líder de Podemos. O vasco foi o único dos tres candidatos socialistas que admitiu preguntas dos xornalistas.



Susana Díaz cos intervinientes no acto.



Pedro Sánchez con simpatizantes.



Patxi López admitiu preguntas dos xornalistas.

Hostaleiros premiados por reciclar vidro

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio apela á colaboración e apoio do sector hostaleiro para incrementar as cifras de reciclaxe de vidro. A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, Cruz Ferreira Costa, participou na entrega de premios aos establecementos hostaleiros que participaron nunha campaña especial de recollida deste material porta a porta, promovida xunto a Ecovidrio e en colaboración co Concello de Ourense.

Esta iniciativa centrouse nunha acción encamiñada a promover a reciclaxe de vidro entre os máis de 200 locais de hostalería da zona centro e centro histó-

rico de Ourense. Aqueles hostaleiros que demostraron unha participación activa na campaña accedían ao sorteo mensual dun fin de semana en Sanxenxo nun hotel con spa. Polo que fixose entrega aos seis establecementos da zona premiados dos seus galardóns. A entrega estivo presidida pola directora xeral de Calidade Ambiental e polo alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, xunto co concelleiro da Área de Infraestruturas e Medio Ambiente, José Araujo, e o xerente de Ecovidrio en Galicia, Germán Fernández. Grazas a esta iniciativa, de porta a porta, conseguíronse recoller, nos máis de 280 cubos repartidos previamente aos hostaleiros, un total de 138.340 kg de envases de

vidro que se poderán reciclar. A directora destacou que os datos obtidos durante este período inicial resultan extraordinarios e dan conta do éxito da iniciativa.

A reciclaxe en Ourense

A finais de marzo, a Xunta facía públicos os datos de reciclaxe de vidro na cidade de Ourense, que durante o ano 2016 reciclaron un total de 1.042.220 quilogramos de envases de vidro, o que equivale a unha media de case 10 quilos de vidro por habitante, é dicir, cada ourensán reciclou 38 envases de vidro por persoa. Respecto da taxa de contenerización, Ourense sitúase cunha media de 250 habitantes por colector contando na actualidade cun total de 423 colectores



Hostaleiros premiados coas autoridades no Concello de Ourense.

para os residuos de envases de vidro instalados neste municipio. A importancia de reciclar vidro radica no feito de que é un material que se recupera ao 100%, tanto nos colectores como mediante o servizo de recollida porta a porta, que é reciclado para fabricar novos envases de vidro, logrando -en consecuencia- múltiples be-

neficios para o medio ambiente e a sociedade. Cruz Ferreira recordou que cun xesto tan sinxelo como o de separar as botellas, botellos, tarros e frascos usados para depositalos despois nos colectores, redúcese o consumo de enerxía, afórranse materias primas e diminúense os vertedoiros e a contaminación do aire.

Expourense asesorará ao Instituto Nacional de Formación Profesional e Capacitación de Panamá

Expourense asinou un convenio de colaboración co Instituto Nacional de Formación Profesional e Desenvolvemento Humano de Panamá (INADEH) que lle permitirá prestar asesoramento e facilitar a capacitación dos seus instrutores e alumnos en temas relacionados co turismo de saúde e benestar ou a enogastronomía. Este convenio facilitará a presenza do INADEH nos eventos internacionais organizados por Expourense, e a participación de expertos en distintas disciplinas, elixidos pola Fundación entre a súa ampla rede de socios a nivel mundial para impartir cursos de capacitación nas instalacións do Instituto. Expourense é a entidade organizadora de tres feiras de carácter internacional relacionadas con estes sectores, Termatalia, Xantar e Vinis Terrae, polo que conta con experiencia e contactos de gran valor para unha institución como o INADEH.

Este convenio foi asinado na cidade de Panamá e correu a cargo do director xeral de Expourense, Alejandro Rubín, e do director xeral do INADEH, Samuel Rivera, quen indicou que o obxectivo deste convenio é “fortalecer os coñecementos dos instrutores con novas técnicas para así situar á institución como



O convenio asinouse na capital de Panamá.

o ente superior da formación profesional no país”. O director xeral de Expourense recibiu a oferta académica do INADEH, a cal se comprometeu a revisar curso por curso e determinar en que áreas poden ofrecer capacitación para instrutores e participantes.

A relación entre Expourense e o INADEH xurdiu por mor da participación de varios dos seus instrutores e alumnos na última edición de Xantar, no que Panamá participou como país invitado. Un equipo do INADEH, dirixido pola secretaria xeral Alina A. Concepción, colaborou da man do Club Gastronómico de Panamá para promocionar a gastronomía do país ante 24.000 visitas. “Despois da participación do INADEH

en Xantar, en España, puidemos ver o potencial que teñen os participantes desta institución, que é de moi boa calidade e queremos axudar a seguir fortalecendo a mesma, segundo a nosa experiencia”, sinalou Alejandro Rubín durante a firma do convenio.

O INADEH é o organismo reitor do Estado en materia de formación profesional, capacitación laboral e capacitación en xestión empresarial que promove unha cultura de formación para a vida e o traballo. A súa misión é propiciar, establecer, organizar e manter un sistema nacional que garanta a formación profesional do recurso humano, en ocupacións requiridas no proceso de desenvolvemento nacional.

Termatalia 2018 celebrárase en Brasil

A edición de Termatalia en América Latina será no Estado de Paraná na cidade de Foz de Iguazú cuxos principais recursos económicos están estreitamente vinculados á auga. Aquí sitúanse as famosas a nivel mundial cataratas que lle dan nome e tamén alberga a central hidroeléctrica máis grande do mundo en xeración de enerxía, Itaipú Binacional. A presentación oficial de Brasil como sede para Termatalia 2018 tivo lugar na Deputación de Ourense nun acto no que participaron o presidente desta entidade, Manuel Baltar, a delegada territorial de Xunta de Galicia, Marisol Díaz, e o director da Feira Interna-

cional de Turismo Termal, Saúde e Benestar, Alejandro Rubín. Termatalia é un dos proxectos enmarcados no Plan Provincial Termal de Ourense que lidera a Deputación coa colaboración da Xunta de Galicia. A delegada territorial destacou o papel de internacionalización e visibilización do potencial termal galego que xoga Termatalia. O presidente da Deputación destacou o feito de que “un potencial mundial do turismo como é Brasil interese por Ourense para que lles organice alí unha feira e sitúeos como destino termal internacional. É un soño para nós e tamén o é para eles”.



Alejandro Rubín, Manuel Baltar e Marisol Díaz.

Rehabilitación do matadoiro de Celanova

O alcalde de Celanova, José Luis Ferro, reuniuse en San Caetano con Ángeles Vázquez, conselleira de Medio Rural, para avanzar na colaboración entre a Xunta e o Concello na mellora de servizos relacionados co agro neste municipio ourensán.

Nesta xuntanza, o rexedor trasladou á conselleira diferentes cuestións, entre elas a solicitude –que Ángeles Vázquez se comprometeu a estudar– de apoiar a rehabili-



José Luis Ferro coa conselleira.

tación do matadoiro, que é unha demanda conxunta da mancomunidade de municipios Terra de Celanova.

Reunión institucional

A delegada da Xunta, Marisol Díaz Moureira, continuou a rolda de encontros institucionais cos alcaldes da provincia para escoitar os responsables municipais e analizar as súas demandas, co obxectivo de priorizar as actuacións do

Goberno galego na provincia. Así, reuniuse coa alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega. A representante do executivo autonómico en Ourense expresou lle á alcaldesa caldelá “todo o apoio,



Reunión da delegación da Xunta en Ourense.

diálogo e cooperación da Xunta” co fin de obter a coordinación necesaria coa Administración local para dar resposta ás demandas dos veciños e veciñas e mellorar a súa calidade de vida.

Galicia

Redacción NDEA

La Guardia Real visitará Ourense por primeira vez



La Guardia Real visitará por primeira vez Ourense o 17 de maio para despois percorrer, ata o 21, O Carballiño, Ribadavia, Verín, Xinzo e O Barco de Valdeorras. O seu obxectivo é dar

a coñecer o seu labor, tal e como explicou o coronel de infantaría Eduardo Diz na presentación que se celebrou no salón de plenos do Concello, un acto no que estivo presente o alcalde, Jesús Vázquez,

ademais do vicepresidente da Deputación, Rosendo Fernández, e o subdelegado de Defensa, Gustavo Donsel.

As actividades iniciaranse o 13 de maio coa inauguración no Centro Cultural Marcos Valcárcel da exposición "A Garda Real, 500 anos de historia", que marcará o inicio das actividades nas que participarán 550 militares do tres exércitos, así como 100 vehículos, 14 motocicletas, 72 cabalos e 6 cans.

O alcalde, Jesús Vázquez, agradece a esta unidade militar ter elixido Ourense para un evento das características "por tratarse dunha honra para esta cidade acoller un acto para dar a coñecer aos cidadáns as diferentes actividades e misións que realiza este corpo, que constitúe a representación das Forzas Armadas ao servizo da S.M. el Rey, ao estar formada por forzas do Exército de Terra, a Armada, Exército do Aire e Corpos Comúns das Forzas Armadas".

O Viñobús funcionará o último fin de semana de maio

As adegas acollidas á Ruta do Viño da Ribeira Sacra celebrarán o fin de semana do 27 e 28 de maio unhas xornadas de portas abertas, que

incluirán degustacións de viños para as persoas que as visiten. O Viñobús tamén renovará o seu funcionamento durante eses días, nos que están programados

percorridos con saídas desde Monforte, Lugo e Ourense. En Ribeira Sacra tamén están programadas rutas de sendeirismo polo río Miño, ao longo da mañá do domingo día 28, e unha cata comentada, o día antes ás sete da tarde, no Centro do Viño de Monforte.

Belesar prepara a XII Festa do viño e das cereixas



Ponte de Belesar que une os concellos de Chantada e O Saviñao.

Os días 27 e 28 de maio celebrarase en Belesar a XII edición da "Feira do viño e das cereixas" organizada pola asociación Papeiros (de Chantada) e Rabudos (do Saviñao). O sábado 27 ás 10 de mañá os produtores de cereixa e de viño abrirán os respectivos postos de venda. A unha da tarde inaugurarase a feira e, logo do pregón, entregaranse as distincións de "cofrades maiores do bó viño de Belesar e Líncora." O domingo pola tarde celebrarase o certame de aturuxos a cargo de Papeiros e Rabudos. Durante os dous días haberá festa

campestre á beira esquerda do río Miño para degustar polbo e carne en distintas elaboracións. Orquestras e grupos musicais animarán as celebracións. Na festa do viño participarán cinco adegas e na da cereixa, vinte produtores que porán á venda tres toneladas deste froito procedente de Santiago de Arriba, Cartemil, A Sariña, Belesar e San Pedro de Líncora. Durante a fin de semana estarán abertos postos de artesanía, chacinería e queixos. Tamén se pode disfrutar en Belesar de viaxes en catamarán, de rutas de sendeirismo e de románico.

CAFÉ-BAR
Novo Ribeiro
TAPERÍA

Prego de Oliver, 14
32000 OURENSE

Tels. 988 238 645
636 464 186

LABREGO

Montados
Bocadillos
Hamburguesas

988 701 285
Rúa Greco, 17
Ourense

Pazo Lalón

Ribeiro
Denominación de Orixe

Gomariz. Leiro.
Ourense

988 48 82 33
653 326 273

Losca

Sala de Fiestas Music-Hall
C/ Ervedelo, 15 - ourense

① **988 23 44 99 - 698 14 82 07**

VEN... TOMATE ESTA CAÑA

4€

Guía Gastronómica

Redacción OURENSE

Cociña de evolución

A cociña de evolución con produto de calidade está en Pementa Negra. Un novo local en Ourense con xamóns e embutidos da Cañiza; alimentos e bebidas frescas de excelente calidade para comer e gozar da nova cociña galega. Menús para grupos e orixinais revoltos. "Pon pementa na túa vida, esperámosche nun local

deseñado para facer da túa comida ou cea un verdadeiro pracer para os sentidos". Así o manifestan os responsables do establecemento de recen apertura na rúa Remedios de Ourense. Na adega, viños das catro denominacións de orixe de Galicia, ademais de Rioja, Ribera del Duero, Somantano e Bierzo. Cavas e espumosos galegos.



Unha familia de Pontevedra veu probar o menú de Pementa Negra.



Cientes veteranos que xa coñeceron o antigo Lobera.

Volve Lobera ao Couto

Á lvaro, Brais e Carlos, de Cartelle, abrieron en marzo o bar Lobera en Ourense. Logo da reforma do establecemento acordaron respectar o nome que tiñan os primeiros propietarios no século pasado. Os tres socios teñen experiencia en hostalería. De feito manteñen aberto outro local en Outomuro (Cartelle). Bar Lobera

abre as sete da mañá e non pecha ningún día da semana en rúa Velázquez 1, esquina Ervedelo (no barrio do Couto). Ofrece almorzos con bollería pola mañá e durante o día, tablas de ibéricos, tostas, racións variadas, bocatas e hamburguesas. Á inauguración acudiron moitos veciños do barrio e de Cartelle.



Novas da Raia

Redacción PONTEVEDRA

BNG pide no parlamento a construción do acceso sur do peirao da Guarda

Destaca que é unha demanda unánime que debe ser atendida coa colaboración da Xunta, concello e a Deputación de Pontevedra



A deputada por Pontevedra Montse Prado trasladou ao Parlamento a demanda “vella e unánime” de construír o acceso sur para o Porto da Guarda coa finalidade de mellorar tanto o tráfico no rodado no centro urbano como a mobilidade e a com-

petitividade no peirao, nun concello de case 11.000 habitantes no que a activade pesqueira é fundamental na economía local.

“É unha demanda unánime das forzas políticas do concello dotar dun acceso en condicións ao Porto da Guarda para solucionar

os problemas de mobilidade da Rúa Concepción Arenal, que viña funcionando como único vial de comunicación ao peirao pero que hoxe está totalmente integrada no casco urbano e deixou de ser acaída para facilitar o tráfico portuario”, explicou Prado durante o debate parlamentario.

A deputada salientou o peso do sector do mar neste concello, motor fundamental da economía local. “A proposta do BNG pide actuacións para favorecer o crecemento desa economía local, que mellorará cunhas infraestruturas acaídas”, indicou.

40 embarcacións de arte menores, con capturas específicas como polbo ou percebe, explotación de novos recursos como o ourizo e as algas, a instalación



dunha nova para a confección de redes, que favorece o acceso ao mercado laboral das mulleres nunhas condicións dignas, amosan a puxanza da actividade vinculada ao porto.

“Tamén podería recibir descargas da flota portuguesa se o porto tivese uns accesos rápidos para sacar os produtos pesqueiros o que fai necesarias actuacións para mellorar as infraestruturas”, argumentou.

Prado tamén deixou claro que

a construción do acceso sur tamén melloraría a mobilidade xeral no municipio, dando un papel fundamental aos viandantes, “facendo unha Guarda máis habitable, cun tráfico reducido polo centro do casco histórico”.

A deputada criticou a negativa do PP a dar luz verde a demanda de fondos para esta actuación “que debería levarse a cabo por parte de Portos de Galiza co apoio do concello e da Deputación de Pontevedra.

A Asociación Desenvolvemento Rural MAIV-Baixo Miño e MicroBank subscriben un convenio para incentivar o autoemprego

A presidenta da Asociación Desenvolvemento Rural MAIV-Baixo Miño, Sandra González, e o director da área de Negocio de CaixaBank en Pontevedra Sur, Ígor das Heras, asinaron un convenio de colaboración para facilitar o financiamento de proxectos empresariais a través de microcréditos.

Coa firma deste acordo establece unha liña de financiamento de 1 millón de euros. Os beneficiarios serán persoas físicas e microempresas, con menos de dez traballadores e unha facturación anual inferior a dous millóns de euros.

Os solicitantes poderán optar a microcréditos por un importe máximo de ata 25.000 euros (cun límite do 95% do investimento). Os proxectos deberán contar cun plan de empresa e o informe favorable de viabilidade elaborado pola Asociación Desenvolvemento Rural MAIV-Baixo Miño.

O criterio de concesión de microcréditos por parte de MicroBank atende fundamentalmente



á confianza na persoa ou no equipo que solicita o préstamo e tamén á viabilidade do proxecto, podendo acceder persoas carentes de garantías e avais.

En virtude deste convenio, a Asociación Desenvolvemento Rural MAIV-Baixo Miño comprométese a detectar as necesidades de financiamento, dirixidas a promover o autoemprego e ao establecemento, consolidación ou ampliación de microempresas e negocios de autónomos, así como a facilitar servizos de apoio e asesoramento empresarial, analizar a viabilidade do proxecto e dirixir ás persoas físicas ou xurídicas asesoradas pola asociación a MicroBank para que este ana-

lice, e no seu caso aprobe, as solicitudes de financiamento.

A Asociación Desenvolvemento Rural MAIV-Baixo Miño é unha asociación sen ánimo de lucro que se constitúe coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación. A AGDR 14 MAIV – Baixo Miño está formada polos concellos de Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, O Rosal, Tui e Tomiño.

Salvaterra e As Neves aproban a solicitude conxunta do obradoiro de Etnoturismo

O Concello de Salvaterra de Miño liderara a solicitude dun obradoiro de emprego conxunto co Concello de As Neves denominado VIÑOCULTURA SAN. Estes dous Concellos na súa aposta clara para mellorar a situación de desemprego e formativa dos seus veciños e veciñas céntranse nun recurso económico moi importante para a zona como é a viticultura, que día a día crece, e crece sobre todo como recurso turístico en si, xa que o etnoturismo é un sector en alza que achega a centos de visitantes a nosa zona.

Salvaterra e As Neves encóntranse dentro da DO Rías Baixas, Subzona do Condado do Tea, unha zona excepcional para a produción e venda de viño. Xa solo Salvaterra conta con máis de 2000 viticultores inscritos no Consello Regulador e máis de 20 adegas, entre grandes e pequenas, que día a día están apostando máis polo turismo, abrindo as súas portas aos visitantes.

A duración do Obradoiro de Emprego está prevista para nove

meses, que irían de outubro deste ano a xuño de 2018, cun total de 2160 horas de formación teórico-práctica. O requisito fundamental para participar no Obradoiro é estar inscrito como demandante de Emprego na Oficina de Emprego de Ponteareas, terán preferencia para participar no proceso de selección as persoas beneficiarias da RISGA, así como aquelas que, tendo prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como as persoas mozas menores de 30 anos, as mulleres en xeral, as mulleres vítimas de violencia, o persoal traballador que esgotou as prestacións e subsidios por desemprego, as persoas paradas de longa duración ou as persoas maiores de 45 anos, entre outros colectivos. O tribunal de selección do alumnado estará formado por un grupo de traballo mixto, de persoal técnico de ámbolos dous concellos e persoal técnico da Xunta.

Proxectos hidrográficos conxuntos entre Galicia e Portugal

Francisco Marín, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), participou no IV Consello de Regiao Hidrográfica Norte (ARH Norte), celebrado no Porto. Marín agradeceu a boa coordinación e colaboración entre as administracións de ambos os países no proceso de planificación, tal e como establece a Directiva Marco da auga que impulsa a xestión integrada das concas hidrográficas cuxos territorios se estenden por varios estados membros.

A través do Convenio de Albufeira establécese o marco de cooperación entre España e Portugal para a protección das augas superficiais e subterráneas e dos ecosistemas acuáticos e terrestres directamente dependentes deles e para o aproveitamento sustentable dos recursos hídricos das concas hispanoportuguesas.

Na Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil identifícanse dúas concas internacionais, os ríos Miño e Limia e, como augas internacionais, a zona costeira da Guarda, o Estuario do Miño - augas de transición-, os ríos Troncoso e Laboreiro e os encoros de Salas e Lindoso.

Francisco Marín destacou que durante todo o proceso de planificación mantivéronse múltiples contactos e reunións coa ARH Norte, como responsables dos plans de xestión das augas compartidas dos ríos Miño e Limia para concluír un Plan Hidrolóxico da conca Miño-Sil adaptado ás necesidades de xestión e coordinación que liquide a problemática de adaptación á lexislación de dous países distintos, “a xestión de augas arriba afecta directamente augas abaixo”, matizou.

O presidente da CHMS destacou que en Europa, 40 das 110



Intervención de Marín Muñoz en Porto.

demarcacións hidrográficas son internacionais, o que supón que máis do 60% das concas europeas exceden fronteiras. Para puntualizar na Demarcación Miño-Sil, matizou que o río Miño discorre nun 95,32% por territorio español e un 4,68% por Portugal, pero no caso do río Limia a porcentaxe está máis equilibrado, dos case 2500 quilómetros cadrados que ocupa, correspóndelle a España o 53% e a Portugal o 47% restante.

Proxectos conxuntos

Como final de relatorio, destacou a importancia da coordinación á hora de presentar candidaturas a proxectos europeos, facendo especial mención a dous proxectos recentes presentados de forma conxunta aos proxectos de cooperación transfronteiriça Poctep e que están pendentes de resolución. Por unha banda o proxecto Risk Miño-Limia, por importe de 2,7 millóns, co que se pretende, a partir de simulacións, poder predicir as zonas

afectadas polas crecidas dos ríos en función da choiva esperada e que poida servir para actualizar o Plan Especial ante situacións de seca extrema. Por outra banda o proxecto Raia Termal, cun investimento previsto de 3,4 millóns, e co que se pretende potenciar, abrir e valorizar a cultura balnearia tradicional cara a un modelo de turismo de benestar e de natureza como vía para a creación de novos empregos directos e indirectos vinculados aos recursos termais.

Asomega falla o premio Nóvoa Santos a favor do endocrinólogo Bartolomé Burguera

AXunta Directiva da Asociación de Médicos Galegos en Madrid (Asomega) acordou esta tarde nunha reunión que celebrou nas instalacións da Delegación da Xunta de Galicia en Madrid/Casa de Galicia conceder o Premio Nóvoa Santos 2016 ao doutor Bartolomé Burguera González. Previamente ás súas deliberacións, foron recibidos polo delegado da Xunta e director da Casa de Galicia, José Ramón Ónega, quen lles desexo

un frutífero traballo.

Burguera González é especialista en Endocrinoloxía, estudou Medicamento na Universidade de Santiago de Compostela e tivo estancias profesionais en EE UU (de 1989 a 2004 e posteriormente en 2013) e Son Espases, Mallorca. Na actualidade dirixe o Programa de Obesidade e Servizos de Endocrinoloxía e Metabolismo na Cleveland Clinic, onde desde 2005 e ata a actualidade tamén é profesor de Medicamento.



Ponteareas confecciona a tradicional alfombra de flores no Santuario de Fátima

Os alfombristas de Ponteareas deixaron patente, un ano máis, a capacidade de amosar o seu arte floral en Fátima pese as condicións meteorolóxicas adversas

Como ven sendo habitual nos últimos anos, un nutrido grupo de alfombristas de Ponteareas confeccionou na localidade portuguesa de Leiria, unha alfombra floral no Santuario de Fátima o pasado 30 de abril. A expedición ponteareá, que chegaba a vila lusa en autobús na mañanciña, tivo que facer fronte a unhas condicións meteorolóxicas totalmente adversas que fixeron, que ademais do duro traballo de confección da alfombra, esta tivera que ser obxecto de continuos retoques naqueles puntos no que o seu traballo era desfeito pola chuvia.

Pese aos problemas, o tapiz floral de Ponteareas lucía perfecto ao paso da procesión, que tivo lugar ás cinco da tarde. Os veciños e veciñas de Ponteareas estiveron, en todo momento, rodeados por centos de persoas que non querían perder detalle do esmerado arte floral do que fan gala os e as ponteareás na confección das súas alfombras considerados, alí por onde van, como



auténticos mestres na confección de tapices florais. De feito os espectadores facían longas colas para poder fotografar a alfombra da Vila do Tea.

Representantes da organización quixeron agradecer o apoio

prestado polo Concello de Ponteareas e a presenza de membros do equipo de Goberno que se achegaron a Leiria o domingo pola mañá para ver o desenvolvemento dos traballos.

Novas da Raia

Redacção NDEA

Eurocidade Monção-Salvaterra de Miño: autorcas apostam na dinamização turística do rio Minho e na partilha de serviços na saúde e proteção civil

A abertura da sede da Eurocidade Monção – Salvaterra de Miño, localizada no antigo edifício da PIDE, no Parque da Lodeira, tornou ainda mais consistente e vigoroso o relacionamento frutuoso, desde sempre, entre os responsáveis políticos e as populações dos dois municípios unidos pelo rio Minho.

O novo organismo, inaugurado vinte e dois anos após a entrada em funcionamento da ponte internacional entre as duas localidades, tem como prioridades, entre outras, a realização conjunta de atividades culturais, sociais e desportivas, a valorização do troço fluvial do rio Minho e a dinamização dos recursos endógenos no campo enológico, patrimonial e paisagístico.

Na linha da frente da “ordem de trabalhos” estará também o empreendedorismo transfronteiriço, a partilha de equipamentos coletivos, garantindo escala e rentabiliza-

da Xunta da Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, os dois autarcas raianos, Augusto de Oliveira Domingues e Arturo Grandal Vaqueiro, falaram de um passado difícil e de um futuro promissor.

Consolidar relação umbilical

O autarca monçanense, que recordou a imposição restritiva da fronteira com momentos marcantes na sua memória de criança e jovem, apontou estratégias de futuro que, acrescentou, passam por aprimorar as excelentes relações existentes e garantir melhor qualidade de vida às populações.

Referindo-se a alguns projetos em andamento, como um barco turístico e o alargamento dos passeios da ponte, Augusto de Oliveira Domingues reafirmou o propósito de consolidar esta relação transfronteiriça umbilical nos campos da saúde e da proteção civil.

Disse: “Não entendo porque motivo não podemos abrir as portas do nosso centro de saúde aos nossos vizinhos galegos. Ou porque os nossos bombeiros não podem intervir no outro lado da fronteira. Senhores go-

vernantes, temos de ultrapassar estas situações para que a relação seja de completa liberdade num futuro que queremos construir juntos”.

Uma intervenção com claro enfoque nos próximos anos que Arturo Grandal Vaqueiro ouviu, aplaudiu e reforçou. Para



ele, tal como para Augusto de Oliveira Domingues, o rio nunca constituiu obstáculo ao relacionamento entre as duas populações e a ponte é apenas uma rua que liga os dois centros históricos separados por um quilómetro.

“Imagino um pequeno Douro”

Com palavras pausadas e emocionadas, Arturo Grandal Vaqueiro referiu-se à sede da Eurocidade como um instrumento fundamental para a valorização cultural e paisagística de Monção e Salvaterra de Miño, dois municípios vizinhos com potencialidades vnicas (Alvarinho) e patrimoniais (murallas) semelhantes.

De seguida, com a certeza que cresce na convicção, apontou os próximos desafios da Eurocidade, mencionando dois que, de alguma forma, já tem um caminho percorrido. Por um lado, a valorização da ponte internacional e, por outro, a navegabilidade de um barco turístico:

“A ponte é uma rua e, como tal, temos de tratar bem dela. Iluminação, pintura e

alargamento para as pessoas que a cruzam a pé, a correr ou de bicicleta. Estamos também a pensar num barco turístico que possa navegar nestas águas. Já imagino um pequeno Douro com visitas às adegas, circuitos temáticos sobre o vinho Alvarinho e rotas ecológicas”.

Após a cerimónia oficial de abertura da sede da Eurocidade Monção – Salvaterra de Miño, que englobou ainda descerramento de placa e visita às instalações, realizou-se a inauguração da sede da ATEARAIA – Associação Transfronteiriça de Educação Ambiental, no edifício da antiga guarda-fiscal.

Neste local, procedeu-se à abertura da exposição de fotografia “Portugal Subaquático”, de Luís Quinta, produzido pela CMIA de Viana do Castelo, tendo os membros da associação presenteado autarcas e governantes com um carvalho-alvarinho. O programa terminou com um convívio popular com atuações do grupo “Os Magníficos”, de Monção, e do “Grupo de Gaitas”, de Salvaterra de Miño.



ção financeira, e a apresentação de candidaturas a programas comunitários transfronteiriços, visando o fortalecimento da atividade turística e económica.

Numa cerimónia presidida pelo Secretário de Estado das Comunidades Portuguesas, José Luis Carneiro, e pelo Vice-Presidente

Requalificação do edifício do Jardim de infância de Cerveira

Fundo Rainha D. Leonor e Câmara Municipal garantem apoios

O Fundo Rainha D. Leonor, criado pela Santa Casa da Misericórdia de Lisboa e a UMP-União das Misericórdias Portuguesas, vai apoiar a requalificação do edifício do Jardim de Infância da Santa Casa da Misericórdia de Vila Nova de Cerveira.

Este fundo vai apoiar o projeto em € 134.929,51, num investimento de cerca de € 250.000,00, e cuja obra deverá

iniciar em breve.

De forma a alcançar o investimento necessário para esta requalificação, vão ser procurados outros instrumentos de financiamento externos. Não obstante, o autarca cerveirense, Fernando Nogueira, comprometeu-se a propor à Câmara Municipal que conceda todo o apoio técnico e logístico indispensável à viabilidade do projeto, bem como complementar financeiramente as

verbas não obtidas através de outras candidaturas apresentadas pela Santa Casa da Misericórdia de Vila Nova de Cerveira, a fim de garantir esta intervenção.

Por se tratar de um equipamento fundamental e de utilização pública, esta requalificação no edifício do Jardim de Infância a Santa Casa da Misericórdia de Vila Nova de Cerveira vai permitir aumentar a capacidade para o ingresso de mais crianças



na valência de creche (é o único equipamento em sede de concelho que acolhe crianças até

aos 3 anos) e, simultaneamente, dar mais e melhores condições à capacidade instalada.

Bueu celebrou a terceira Gala de Homenaxe aos alfombristas veteranos

O Centro Social do Mar acolleu o primeiro de maio a Gala Homenaxe aos Alfombristas Veteranos, organizada pola Asociación Cultural das Alfombras e inserida no marco da III Xornadas das Alfombras Florais de Bueu, que estivo cargada de momentos emotivos nos que se lembrou os comezos da actividade das alfombras e a contribución destas persoas á cultura e historia da vila morracense. Concretamente, homenaxeouse a Elena Filgueira López, Carmen Filgueira López, Pepe Rodríguez Galup, Josefa Santaclara Rey, Josefa Álvarez Chaves e a Laureana Iglesias Otero (a título póstumo). Ademais, e por primeiro ano, a Asociación quixo destacar a actividade realizada pola familia Cabanillas a prol das alfombras, e do colectivo Párkinson Bueu. A todos e todas elas entregóuselles unha figura na que se representa unha muller facendo alfombrista.

Tras a presentación de Carmen Santos, presidenta da Asociación, que “destacou o esforzo e o traballo destas persoas”, o acto comezou coa actuación de Rodrigo Portela, pianista que forma parte do Dúo RodeArte. A continuación, os asistentes puideron ver unha serie de imaxes de cada un/unha dos alfombristas e a evolución dos seus tapices florais ao longo do tempo. Na súa



intervención, Vicenta Pallarés, presidenta da Comisión Xestora Internacional de entidades de alfombristas de arte efémero, destacou que “todos os valores das alfombras están encarnados nas persoas hoxe homenaxeadas”, ao tempo que salientou as súas lembranzas e a evolución desta arte ao longo do tempo. “A suma dos alfombristas que nos precederon é un legado”, culminou.

Pola súa banda, o alcalde da vila, Félix Juncal, agradeceu á Asociación por “coller o testemuño desta tradición fai tres anos cando ía decrecendo”. O rexedor destacou a actividade da Asociación a prol da recuperación das alfombras, e tamén que estas cheguen ás novas xeracións e alén das nosas fronteiras.

A gala incluíu tamén o visionado do

vídeo dos homenaxeados no ano 2016, aos cales se lles entregou tamén un agasallo, poñéndose o broche final coa actuación do dúo RodeArte, formado por Rodrigo Portela e Rosa Cerviño, ambos naturais de Bueu.

As actividades das III Xornadas aínda seguiron o 5 de maio, cunha conferencia a cargo de Emilio Xosé Insua, quen falou no Museo Massó sobre Maruja Mallo e o seu tempo histórico. Ademais, ata o 14 de maio na sala Domínguez Búa pódese ver unha mostra de imaxes antigas.

Estas xornadas monográficas sobre a arte efémera en Bueu véñense organizando desde o ano 2015 cando se fundou a Asociación para así darlle maior difusión a este elemento cultural que distingue un pobo.

Bueu organiza tres rutas por lugares da provincia

A concellaría de deportes de Bueu organiza tres rutas por diversos enclaves turísticos da provincia de Pontevedra, co obxectivo de dar a coñecer a nosa contorna e fomentar hábitos saudables. En total vai haber cincuenta prazas para cada unha das rutas e teñen preferencia as persoas empadroadas en Bueu.

O 13 de maio comezará o roteiro polo río Eifonso, situado entre Mourelle e Bembrive, e que abarca 5 quilómetros. As inscricións ábreanse este mércores e teñen un custe de 5 €.

O 27 de maio, os participantes visitarán o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro e o río Maneses. As inscricións para esta estarán operativas desde o 15 de maio por un custe de 5 €.

A última delas será o 10 de xuño e percorrerá a illa de Cortegada e Arousa, durante toda a xornada. Para esta, as inscricións poderán realizarse a partir do 29 de maio cun custe de 6 €.

Inscricións

O pagamento dos prezos públicos deberá facerse por adiantado previa solicitude do documento de autoliquidación na Oficina de Xestión Tributaria. Unha vez feito o pago en calquera das entidades bancarias que figuran ó dorso do documento, deberá presentarse o xustificante de pagamento no Servizo de Deportes do Concello. A inscrición na actividade non será efectiva mentres non se presente o dito xustificante.

Familias de O Porriño acollen a estudantes Erasmus+ de Polonia e Suecia

Dezasete alumnas e alumnos chegados das localidades de Boras, en Suecia, e Poznan, en Polonia, veñen de poñer en común, xunto con estudantes do IES Ribeira do Louro, nun proxecto sobre comercio xusto, que ven de desenrolarse dende setembro de 2016 no marco do Programa Erasmus+.

O ‘Europeans for Fair Trade’ (Europeos para o Comercio Xusto), é un proxecto promovido pola Escola Secundaria 12, de Modjeska, en Polonia, e o Sven Eriksongymnasiet, de Suecia, xunto co IES Ribeira do Louro, que pretende promover valores positivos para a nosa sociedade promovendo o Comercio Xusto.

O mesmo permite a mobilidade de estudantes e profesores coa finalidade de investigar e discutir sobre este tema. Isto levou a familias de estudantes do Ribeira do Louro a acoller nas súas casas

a alumnas e alumnos suecos e polacos, que desenvolven un programa formativo e cultura relacionado co Comercio Xusto, elaborado por estudantes e profesores e que permitirá que temas coma ‘Comercio Xusto e Xénero’, ou ‘Comercio Xusto, Banca e Ética’, sexan empregados por estes centros dentro das súas unidades formativas.

Tamén se levou adiante un ‘Curso de Vídeos’ relacionados con esta temática, que ven de fallarse este venres, e que contou coa colaboración de varios establece-

mentos comerciais de O Porriño relacionados con produtos ecolóxicos, da terra, mesmo unha tenda de informática, que dona-

ron varios dos premios.

Os estudantes do Porriño que participaron neste proxecto viaxarán, o curso que ven a Polonia

e Suecia para unha estadia dunha semana con familias dos estudantes suecos e polacos que estiveron aquí.



Por Silvia Pardo

En Vinis Terrae, Salón do Viño e Licores Galegos de Calidade celebrado en Expourense, participaron 60 adegas expositoras que mantiveron en total máis de 1.200 citas de negocio con importadores de 19 países e con compradores nacionais e durante as que a calidade, distinción e vinculación ao territorio dos viños galegos convenceu ao mercado exterior. En total, o salón pecha contando coa visita de máis de 600 profesionais do sector. Trátase da feira máis profesional de Galicia e a única que promociona viño galego exclusivamente, xa que a única finalidade é facer negocio e abrir novos mercados, ademais de contar cun cociente de importadores por adegas superior ao doutros certames.

Vinis Terrae 2017 foi clausurado nun acto presidido pola directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Alimentarias, Belén do Campo, quen indicou que esta cita “é o mellor salón profesional que pode ter Galicia e que abre as portas do mercado exterior a denominacións de orixe menos coñecidas”. Do mesmo xeito que fixo a conselleira de Medio Rural, a directora xeral incidíu no bo momento que vive o sector do viño galego que conta na actualidade con 16.000 viticultores que traballan 10.000 hectáreas e 450 adegas.

Durante a súa visita aos expositores, Belén do Campo tivo a oportunidade de comprobar o alto índice de satisfacción que conseguiu esta edición entre os adegoiros quen lle asegurou que “Vinis Terrae é negocio puro e duro e iso é o que necesitamos”. E é que cada expositor superou as 20 citas de media, algunhas xa con compra

Máis de 1.200 citas de negocio facilitan o acceso das adegas galegas ao mercado de 19 países



Adegoiros premiados con medallas de ouro, prata e bronce en Vinis Terrae.

efectiva, aínda que na maioría dos casos os tratos comerciais pechanse a curto e medio prazo.

As expectativas tamén se viron cubertas por parte dos visitantes profesionais. Rafael Campos, de Estados Unidos, indica que “eu viña claramente a por Albariño e atopeino pero ademais creo que a medio prazo incluirei o godello no meu portfolio. A calidade dos viños que probei é altísima e creo que a solución para a miña empresa vai ser traballar con moitos poucos engadindo así distintas denominacións ao meu catálogo”. Pola súa banda, o importador de Panamá, Miguel Briceño, asegura sentirse “nun parque de atraccións con todos os descubrimentos que estou a facer. A miña misión agora será ensinalle ao mercado panameño que o viño de Rías Baixas é espec-

tacular pero que Galicia ofrece todo un mundo por descubrir coas demais denominacións”.

Cata Extraordinaria

A directora xeral Belén do Campo presidiu tamén a entrega de premios da V Cata Extraordinaria Vinis Terrae realizada por Radio Turismo e a aula Internacional de Catadores (AULINCAT) entre os viños presentes na feira. A directora da cata, Sofía Madrigal, destacou a enorme calidade dos viños presentados e a dificultade do xurado, integrado por enólogos e catadores madrileños, para chegar a un veredicto. Entre as 110 marcas presentadas, leste foi o resultado da cata:

Viños brancos: Medalla de ouro: Pazo Tizón Extramundi 2015 de Adegas Pazo Tizón (Ribeiro). Medalla de prata: Anxo Sequeiros Foudre 2011 da Adegas Anxo Sequeiros

(Rías Baixas). Medalla de Bronce: Serra da Estrela 2016 de Adegas Valmiñor-Ébano (Rías Baixas). Nesta categoría entregáronse ademais tres accésits que foron para: Val de Nairoa 2015 de Adegas Nairoa (Ribeiro); Quinta Gaviñeira de Adegas Anxo Sequeiros (Rías Baixas) e A Troita 2016 de Notas Froiteiras de Albariño (Rías Baixas). Viños tintos: Medalla de ouro: Xiana 2016 de Adegas Chao do Couso (Ribeira Sacra). Medalla de prata: Sameirás 2015 de Adegas Sameirás (Ribeiro). Medalla de bronce: Viña Ribada 2016 de Adegas Ribada (Ribeira Sacra). Nesta categoría entregáronse dous accésits para: Bancales dos Alcornques de Finca Millara (Ribeira Sacra) e para Don Bernardino 4ª Xeración 2014 de Adegas Don Bernardino (Ribeira Sacra). Este acto

incluíu tamén a entrega de dúas medallas de ouro especiais. A primeira delas foi para a Estación de Viticultura de Galicia- EVEGA, pola súa intensa colaboración na organización nas actividades desta edición do salón. A segunda delas foi entregada a título póstumo a José Luis Vaz Vilela, fundador de Adegas Ladairo de Monterrei, e un dos primeiros profesionais en apostar firmemente por Vinis Terrae desde a primeira edición.

Profesionais do sector

A xornada de clausura estivo repleta de actividades dirixidas aos profesionais do sector. Comezou coa presentación dos resultados obtidos do programa de recuperación de variedades tradicionais realizada pola EVEGA e continuou coa cata comentada dos viños tintos premiados con Acios de ouro e prata nas catas oficiais de Galicia 2016. Tamén se celebrou outra cata comentada dos viños premiados con ouro no certame Trempranillos ao mundo. Celebrouse cata comentada dos licores e augardentes premiados cos Potes de ouro e prata das catas oficiais de Galicia e unha exhibición de coctelería con licores e augardentes de Galicia co o obxectivo de innovar e introducir na hostalería o uso de licores galegos á hora de elaborar combinados do mesmo xeito que se fai con outras bebidas alcohólicas.

Vinis Terrae contribuíu así unha edición máis a promover a saída ao mercado exterior das pequenas e medianas empresas galegas que participaron no salón e que mostraron a súa satisfacción xa que “os importadores participantes nesta edición eran moi profesionais, con gran capacidade de compra e tiñan moi claro que viñan buscar viños autóctonos e de calidade”.

Cata dos viños premiados en Vinis Terrae no Casino de Madrid

O Casino de Madrid acolleu dúas catas comentadas dos viños premiados na última edición de Vinis Terrae, Salón do Viño e Licores Galegos de Calidade que se celebrou en Expourense os pasados días 3 e 4 de abril. Esta cata estivo organizada por Radio Turismo en colaboración coa aula Internacional de Catadores, AULINCAT. O acto de Expourense incluíu dúas catas nas que participaron máis de 150 socios do ca-

sino e un grupo de invitados entre os que se atopaban membros da Escola de Catadoras de Madrid ademais de distribuidores de viños moi seleccionados. Destacou ademais a presenza na última cata a asistencia da conselleira de Medio Rural da Xunta de Galicia, Ángeles Vázquez, acompañada pola directora xeral de Agricultura e Industrias Alimentarias, Belén do Campo, e o deputado nacional por Ourense, Miguel Ángel Viso. A cata estivo

dirixida pola recoñecida catadora galega Mercedes González en colaboración cos membros do AULINCAT e de Eliseo González, coordinador das catas de viños organizadas no Casino de Madrid. Os viños e o licor premiados foron maridados con outros produtos de calidade de Galicia como o queixo de Arzúa-Ulloa. Esta actividade contribuíu a reforzar a promoción da calidade dos viños galegos ante un público especializado e un consumidor final objetivo. Esta actividade incluíu tamén un networking entre os adegoiros galegos premiados e empresarios.



Catadores, adegoiros e convidados ás catas.